Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - http://www.codigocero.com

NÚMERO 40 DECEMBRO2005/XANEIRO 2006 • PREZO 1€

todos.es
en internet

Salón Mírate

Obradoiro galego de imaxe

Ano novo, vida nova

Receitas para unha futura Galiza tecnolóxica

Televisión dixital: modo de emprego

Como vela? Onde pedila? En que consiste?

O cerebro humano non descansa

Os mellores inventos de 2005

26, 27, 28 y 29 de enero de 2006
IFEVI. Instituto Ferial de Vigo

mirate

Primer Salón Profesional de imagen y comunicación

con la apuesta de caixanova

estaremos **todos**, ¿estarás **tú**?

fotografía | audiovisual | comunicación | artes gráficas

mirate

marketing | internet | publicidad | diseño

... e interesantes **jornadas profesionales**

venta stands: 902 998 715_www.mirate2006.com

CÓDIGO CERO
revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director
Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores
Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes
Fernando Sarasquete
(redaccion@codigocero.com)
Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción
Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
David Lombardía (Nova Economía)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)

Publicidade:
Carolina Cruz, Ruben G. Pedrero
publicidade@codigocero.com

Colaboraron neste número:
Colectivo Compostela Wireless, José Ramom Pichel, Xoán Fernández, Fernando Sarasquete, Rubén González, Carolina Cruz, David Lombardía, Pablo Grandío e Sonia Pena

Supervisión lingüística:
Sonia Pena.

Fotografía:
Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

Edita:
Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Polig. Ind. do Tambre Vía La Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:
eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:
Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 40
Decembro 2005
/Xaneiro 2006
Publicación periódica
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...

Saímos xa dos días de Nadal, sen saber moi ben se podemos falar ou non de resaca tecnolóxica, pero logo de ter pasado máis horas do que vén sendo normal perante a pantalla do computador, enviando máis correos electrónicos (felicitacións), chateando con maior asiduidade, incrementando a nosa taxa particular de compras por Internet e recibindo (pola contra) máis correo lixo e sufrindo en maior medida as consecuencias da publicidade na Rede. Isto, que poderiamos pensar que é algo novo, é máis antigo do que parece: é o proceso de levar ó eido tecnolóxico os aconteceres da vida mesma. Así, se logo de tantos días de festa un individuo/internauta calquera adoita a reflexionar sobre a súa traxectoria vital percorrida, é lóxico que tamén o faga sobre o plano virtual.

Digamos polo tanto que, se hai un número de Código Cero que se poida denominar claramente como o "número da reflexión", é este que vostede, lector, colle nas mans.

Para nós, é hora, polo tanto, de ver o que se fixo na Galiza tecnolóxica para logo cravar a vista no futuro, neste 2006 que comeza como comezan tódolos anos: igual có anterior.

E este, por exemplo, un tempo para mirarnos ó espello. Isto é que propón a organización da feira/salón Mírate, no IFEVI de Vigo, que se vai desenvolver entre o 26 e o 29 de xaneiro e que vai ser, en certa medida, unha xuntanza en dúas entregas. A primeira e máis importante é a que abrangue os días laborais, e que vai ir destinada de maneira exclusiva ós profesionais da imaxe e a comunicación de Galiza e o Norte de Portugal. A segunda, a da fin de semana, vai abrir as portas ó público en xeral que estea interesado por algo que está presente en tódolos aspectos das nosas vidas: a publicidade. Neste número incluímos, como poderedes ver nas páxinas centrais, completa información sobre este encontro.

E xa que falamos de reflexión, de reconto, de investigación, incluímos nas seguintes páxinas artigos, novas e reportaxes que poderán interesar máis ou menos, pero que é probable que sirvan como diagnóstico da saúde tecnolóxica de Galiza, como o estudo polo miúdo que facemos da nova face da web da Xunta (comentarios de especialistas incluídos); a recompilación dos datos que achegou Telefónica sobre o estado da era da información nas nosas catro provincias (preocupantes abondo) ou o resumo dos premios que cada ano concede EGANET ás empresas e institucións que máis traballaron en Galiza á hora de paliar a fenda dixital. Tamén damos conta dun proxecto cen por cen galego que nos pareceu moi interesante, unha iniciativa de telexerontoloxía na que participa o sector público e o privado e que vai orientada a mellorar a calidade de vida das persoas maiores que teñen limitacións de mobilidade ou cognitivas. E, como cada ano, tamén incluímos unha listaxe de todo o publicado por Código Cero ó longo do ano 2005 que xa se foi, resumo que, se nos serve de algo, é precisamente para comprobar que nisto da Sociedade da Información todo caduca a unha velocidade de vertixe. O que onte era a envexa das nosas amizades, hoxe provoca (que se lle vai facer) sorrisos.

sinatura convidada

Risotto verde tecnológico à galega. José Ramom Pichel. Engenheiro informático **4**

novas

resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

reportaxes

Telefónica informa: só un 19% dos fogares galegos ten acceso a Internet **10**

O Foro Ineo traballa a prol da competitividade das empresas galegas **11**

Sometemos a exame á nova web da Xunta **12**

A Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET) entrega os seus premios **14**

O salón Mírate convoca en Vigo ós mellores profesionais da imaxe a comunicación **15**

A Televisión Dixital Terrestre arroxa máis dúbidas ca certezas, de aí que Código Cero se atrevese a facer unha especie de manual de emprego nivel básico **18**

Hazruido.com, unha web que convida ós internautas a facer de Internet un escándalo (no mellor sentido da palabra) **19**

O cerebro humano dá para moito, e 2005 foi pródigo en inventos sorprendentes **22**

Galiza é pioneira nunha ferramenta tecnolóxica que achega ás persoas con limitacións de mobilidade ós seus facultativos **26**

Compostela Wireless, a asociación que quere facer de Santiago unha gran rede Wi Fi, achéganos en exclusiva o seu manifesto **28**

pase vip

Repaso polas webs de música española independente máis salientables **21**

que fixen eu para linquear isto?

A Sociedade do Coñecemento evoluciona pero seguen existindo webs que máis nos valía non ter visitado **24**

nova economía

O negocio está no aire **25**

xogos

Xbox 360: comeza a nova xeración de consolas **27**

índice 2005

Incluímos o resumo de todo o publicado en Código Cero ó longo do ano que se foi **29**

José Ramom Pichel Campos
Engenheiro informático



Risotto verde tecnológico à galega. (Receita para uma futura Galiza tecnológica)

"teoria em grego quer dizer um ser em contemplação"
Gilberto Gil, Ministro de Cultura do Brasil

Ingredientes (todos os ingredientes devem ser open source)

- 400 g. de espinafres de política tecnológica de Irlanda.
- 125 g. de cebola de prioridades estratégicas.
- 200 g. de arrozes internacionais (galego-português, espanhol, inglês).
- 200 g. de manteiga de I+D+i.
- 1 colherada de molho investigadores internacionais.
- 4 colheradas de molho investigadores galegos retornados.
- 150 g. de caldo TIC em todos os estudos superiores
- 200 g. de sal e pimenta de ensaio e erro
- Uma pota de solo industrial tecnológico

Tempo estimado de realização: 25 anos

Esta é uma receita básica para que se poda construir um futuro a partir do 2006 para a Galiza desde o ponto de vista das tecnologias da informação e comunicações (TIC). Poderiam-se fazer outras mas essas estão noutros livros. Mas em toda receita o mais importante para que vaia apanhando um sabor próprio é experimentar com o que melhor sabe um fazer. Porque só reelaborando é como se consegue fazer os melhores pratos, e ainda melhor aqueles tecnológicos. Por suposto, as quantidades são estimativas e dependeram afinal do acordo entre todas as partes que elaborem o seu conteúdo definitivo.

Primeiro: antes de elaborar o risotto deveremos olhar sempre para a Irlanda. Esta ilha possui muitos bons ingredientes de política tecnológica. O mais importante se calhar foi não tentar fazer na ilha indústrias já implementadas em lugares próximos como a Inglaterra. Pensou em fazer ponte à história, reactivar-se, passar da fome dos anos vinte ao /home dos computadores, da emigração americana de famílias Kennedy ao salto tecnológico sem passar polos anos da indústria pesada. Estes 400 g de espinafres de política tecnológica põe-se a ferver uns 6 meses a fogo lento sempre atentos a eles.

Segundo: para que o prato final funcione bem **devemos antes abaratar o solo tecnológico para que nele se podam fazer todo tipo de pratos TIC**. Deita-se numa pota de solo industrial tecnológico os 200g de manteiga de I+D+i botando acima uma cebola de prioridades estratégicas para que se misturem bem. Do resultado sairá que a cebola (com muitas camadas) estará atravessada polo I+D+i e só por aquele que seja importante para o sabor final. A manteiga I+D+i resultante que não se misturara deve ser separado e poderá usar-se como molho para posteriores questões de investigação básica e teórica.

Terceiro: A esta mistura vai-se-lhe acrescentar os **arrozes internacionais** para dar-lhe consistência nos mercados internacionais. Para isso previamente no arroz galego haverá que **modificar a apresentação exterior do grão** e trocar alguns deles por uns já presentes no resto das variedades portuguesa e brasileira. Mudando a aparência exterior do grão (a sua ortografia coma quem di) podera-se conseguir muito mais do que usando os grãos actuais. Esta capacidade do arroz galego é única no mundo. A isto haverá que somar a potencialidade de saber uma língua internacional como o espanhol e aprender de vez a potencia de ter um arroz inglês na nossa receita.
Feito o arroz com a cebola e a manteiga TIC deve acrescentar-se um **quarto de caldo TIC nos estudos universitários** que fará que se vaia abrandando todos os componentes do risotto fazendo mais fácil a integração dos universitários doutras disciplinas. Continua-se cozendo a fogo lento, remexendo de vez em quando, até que se absorvera todo o caldo. Pôde demorar a mistura entre 10 a 15 anos.

Quarto: a este caldo formado por arrozes, cebolas, etc., acrescenta-se-lhe por fim os espinafres irlandeses e deixa-se cozer com o toque final formado por 3 colheradas de vinho verde do Eixo Atlântico para que poda ter um sabor diferente e facilmente identificável polo mundo, 4 colheradas de molho investigadores galegos retornados e contratados e 1 colherada de molho de directores de investigação internacionais (galegos incluídos) com experiência.

Quinto: finalmente deixa-se outros 5 anos remexendo gradualmente o prato até que o arroz esteja terno. O resultado final devera ser sazonado ao gosto com sal e pimenta, utilizando sempre como método o ensaio e o erro.

Provavelmente este risotto verde tecnológico à galega nunca será uma receita que aparecerá nos livros brancos de cozinha, mas é seguro, que só haverá futuro para a tecnologia e quase com toda segurança para a Galiza se somos quem de saltar a história, copiar a Irlanda na política tecnológica, aproveitar a força de ser bilingues nos idiomas românicos mais falados do mundo galego-português e espanhol (fazendo no primeiro as trocas precisas para aproveitar-nos da vantagem económica de ter um idioma internacional), usar o I+D+i como manteiga entre as universidades e as empresas, ter estratégias priorizadas para o país (audiovisual, agricultura ecológica, aquicultura, música folque e tradicional, turismo cultural e de alto nível, etc.) sempre pensando no que já sabemos e não no que eles já dominam, e sobretudo cozinhar uma receita lançando-se a experimentar e errar, que só é, como poderemos comer todos.

sintoniza

radio nostalgia fm

música para recordar

105.3
santiago

87.5
vigo

O custo das chamadas internacionais e de fixo a móbil non subirá en 2006

O custe das chamadas telefónicas non subirá en 2006. Nin as metropolitanas, nin as provinciais ou interprovinciais, as internacionais e as chamadas de fixo a móbil. Así o fixo saber a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que vén de aprobar o marco de regulación dos prezos de parte dos servizos de Telefónica para o ano que está a piques de chegar.

Segundo a regulación, tampouco subirá o prezo de cota de abono, "*por vez primeira dende 2000*", tarifa que (non nos enganemos) supón un importante desembolso por parte do usuario de telefonía móbil.

Segundo a devandita comisión, a verdadeira boa nova reside no feito de que se nos cobrará por segundos, *"feito que garantirá calquera redondeo alcista no tempo consumido*".

América Latina quere facerse con seu propio dominio da Internet

Os dominios de Internet de primeiro nivel con obxectivos culturais fixéronse realidade coa aprobación do .cat para Cataluña e agora pretenden acadar un obxectivo semellante dende Latinoamérica, a que o conxunto de países que forman América Latina e o Caribe pretenden facerse co dominio .lac, aínda que deberán agardar bastante, xa que o prazo de recepción de solicitudes de novos dominios por parte da ICANN está pechado actualmente.

Así, a Federación Latinoamérica e Caribe para a Internet e o Comercio Electrónico (eCOM-LAC) deberá agardar a novos debates da ICANN para continuar coa súa iniciativa por un dominio propio na Internet, que veñen a perseguir dende 2002, afirmando dende a Federación que xa se deron os pasos máis difíciles para tal fin, polo que dan por sentado que contarán en breve cun dominio .lac.

A empresa española TPI lánzase a competir con Google cun buscador chamado Noxtrum

Google non é a única opción posible. Hai máis buscadores, que ofrecen distintos servizos que son ideais para cubrir aspectos que Google non cubre. A empresa TPI, do grupo Telefónica, quere traballar neste sentido, de aí que veña de pór en marcha o servizo Noxtrum, unha nova ferramenta que quere ser especialmente exhaustiva e exacta en operacións locais, e con este fin rastrexará (entre outros entornos) a base de datos de servizos que ten a propia empresa.

A ferramenta, que aínda está en fase beta, inclúe unha ampla marxe de diálogo cos internautas, ós que se lles anima a facer todo tipo de suxestións sobre o desenvolvemento. Agárdase que o buscador estea finalizado para este 2006 que empeza. Segundo di TPI nun comunicado, o modelo de negocio desta ferramenta baséase en diferentes fórmulas de inserción de publicidade vinculadas ó motivo da busca, "*aínda que non suporá prima na situación dos resultados da mesma*". Noxtrum, no que se refire a todo aquilo que vai orientado a convencer ó usuario de Internet que non todo se reduce a Google, ofrece os seguintes puntos fortes:

- Claridade e sinxeleza no uso e no deseño, incluíndo as funcionalidades tradicionais de sitios web na liña de Paginasamarillas.com
- Non se trata dun buscador, senón dun "*encontrado*r". Así definen a Noxtrum os seus creadores, debido á súa capacidade de resolver problemas automática e rapidamente, poñendo ó usuario xusto perante da porta onde quería chamar dende o principio (e non perante unha cidade enteira, ou unha rúa, como Yahoo! ou Google). De feito, en Noxtrum non hai que premer o botón "buscar", senón o de "encontrar".

Case a cuarta parte das empresas galegas aposta polo uso da factura electrónica, segundo AECOC

Esta escena está en proceso de extinción: o xefe dunha empresa lle pide a un empregado que redacte unha factura no computador para logo imprimila e enviala por correo. Facer as cousas así é como mercar un BMW e utilizalo para escoitar música, sen saír do garaxe. Sobre todo se a empresa en cuestión ten Internet. Segundo a Asociación de Fabricantes e Distribuidores (AECOC), estamos entrando nunha nova era. En Galiza, de feito, máis do 22% das firmas galegas xa deron ó paso definitivo á e-factura, incluídas duascentas do sector do gran consumo, substituíndo o papel por ficheiros electrónicos duns poucos bytes.

Esta é, segundo AECOC, unha das vantaxes da factura dixital, "*un sistema que é quen de revolucionar os procesos administrativos e que xa empregan en España preto de 4.500 compañías*". A xuízo da asociación, o estudo sobre este proceso de dixitalización arroxa un dato sorprendente: Galiza está entre as comunidades que máis fan uso deste documento electrónico. Entre as empresa que xa manifestaron a súa aposta polo dixital, atópanse Gadisa, Calvo, Pescanova ou Leite Celta, entre outras.

O dominio catalán xa ten web

O dominio catalán de primeiro nivel *.cat* xa está en funcionamento para acoller a web da organización que o xestionará: Nic.cat. A nova entidade depende da Fundació puntCAT e aínda non se coñecen as datas concretas da apertura do novo dominio, pero xa se anunciou que se fará en 3 fases que comezarán en xaneiro de 2006. Na primeira fase de rexistro só poderán acceder ós *.cat* as institucións relacionadas coa promoción da lingua e da cultura catalá, na segunda poderán acceder as entidades con presenza en catalán na Internet e, finalmente, abrirase o rexistro a persoas, entidades e empresas que se adheriran á campaña polo *.cat*. Rematadas estas 3 fases calquera persoa poderá solicitar un dominio *.cat*, o que acontecería despois do mes de abril.

O Clúster do Audiovisual Galego fornece a súa pegada en Internet cunha web desenvolvida por Softgal

O Clúster do Audiovisual Galego fornece a súa presenza na Web, co fin de converterse en canle de comunicación entre o mundo e o audiovisual galego. Con este obxectivo, vén de estrear novo *site*, unha proposta accesible que vai orientada a ficar viva durante moito tempo, sobre todo no que se refire ó seu papel como comunidade virtual.

Este último punto da web fíxose público na Fundación Caixa Galiza de Santiago como unha estrada de dous carrís: por unha banda favorece a comunicación externa e, pola outra, a que manteñan as 41 empresas asociadas ó Clúster. A proposta, desenvolvida por Softgal, foi financiada polo IGAPE, cunha participación do 60%, e por Caixa Galiza, que achegou o 40% do investimento. No sitio ofrécense diferentes olladas ó "que", o "porqué", o "cando", o "cara onde" e o "cómo" do Clúster, habilitándose ademais todo tipo de información sobre a actualidade do sector audiovisual, tanto en Galiza coma no resto do mundo.

A web ofrece tamén contidos de carácter eminentemente práctico para todas aquelas persoas que traballen no sector ou estean a piques de facelo. Por exemplo: un directorio de empresas estruturadas por categorías, axenda de actos do Clúster, eventos vinculados ó sector en Galiza e España, buscadores e seccións de entrevistas no apartado "conversas". Máis datos en www.clusterdoaudiovisualgalego.com

A Xunta quere promover o espírito investigador galego con premios para mozos

A Dirección Xeral de I+D puxo en marcha o programa de divulgación do IV Premio Galiza Innovación Júnior, co fin de dar a coñecer o certame ós mozos e mozas galegos de idades comprendida entre os 12 e os 18 anos, e animar o seu espírito investigador e emprendedor. Segundo informa a Xunta, o IV Premio Galiza Innovación Júnior foi convocado o 1 de decembro pasado, a través do Diario Oficial de Galiza (DOG), e o prazo de presentación dos traballos remata o vindeiro 31 de xaneiro.

Na súa convocatoria poden participar todas as rapazas e rapaces galegos, ou residentes en Galiza, de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. Só teñen que presentar unha memoria na que desenvolvan unha idea que se traduza nun novo produto, servizo ou ben nunha maneira distinta e innovadora de producir algo xa existente. Para máis datos, consultar www.Galizainnovacion.com

O Parlamento galego habilitará na súa web unha xanela para a lingua de signos

Agora que a Sociedade do Coñecemento corre o risco de ser un clube reservado para persoas sen dificultades para comunicarse, rebordante de webs tan pouco accesibles coma unha calexa sen saída, non deixa de ser curioso que sexa a Rede o espazo onde máis iniciativas xorden para crebar todo tipo de barreiras. Coma por exemplo a que vai levar a cabo o Parlamento Galego, que se pon á cabeza de España no que se refire a facilita-lo acceso á información de tódolos cidadáns, habilitando na súa web unha xanela para a emisión en directo de tódolos plen os en lingua de signos. Así o fixo saber a presidenta da Cámara Baixa, Dolores Villarino, tra-la sinatura dun convenio co presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galiza, Feliciano Xesús Sola.

Segundo este acordo, mellorarase ademais o acceso á información en xeral do Parlamento ás persoas con dificultades auditivas, aproximadamente 71.000 en Galiza.

Concurso internet nas bibliotecas

¡entra e navega!

Un xogo para fomentar o uso de internet
Compite na rede

Organiza:

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

FEDER

Información e inscricións: Apdo. nº 962 15780 Santiago Tlf: 902 222 321 Fax: 902 222 331 entraenavega@rbgalicia.org www.entraenavega.rbgalicia.org

A Xbox 360 pode danar os discos durante o seu uso

As consolas Xbox 360 non paran de dar que falar, aínda que non precisamente por cousas positivas, xa que agora apareceu unha nova polémica: elevar lixeiramente a consola mentres o seu funcionamento pode deixar inservibles os DVD en uso.
Segundo parece, o cabezal láser ten un defecto de deseño que pode danar de xeito doado os discos introducidos na consola, pero Microsoft non indemniza ós usuarios ó que lles aconteza tal xa que no propio manual da consola se indica que non se debe mover durante o funcionamento da Xbox 360.
O curioso do fallo é que se pode arranxar de xeito doméstico cunhas gomiñas, aínda que isto eliminaría a garantía da consola.

A Fundación CEL abre un centro tecnolóxico e innovador en Lugo, o SITE

Un centro para a investigación que sexa, ademais, como ese lugar ó que acudimos para poñernos ó día en novos modelos de negocio e tecnoloxía para as empresas.
Así, como un centro difusor, quixo a Fundación CEL-Iniciativas por Lugo que fose o SITE, a Sala de Innovación Tecnolóxica Empresarial, que se inaugurou hai uns días en Lugo.
O centro, no que participan Caixa Galiza, a Consellería de Innovación e o operador R, dispón de varios departamentos equipados para o desenvolvemento de todo tipo de actividades, como conferencias, xuntanzas, cursos ou demostracións.
No que se refire ó eido virtual, o SITE é visitable a través dunha web onde se habilitan todo tipo de servizos para a formación a distancia ou para reservar os diferentes espazos de cara a un acto empresarial ou institucional. A páxina é http://site.fundacioncel.org/

CIC-Commerce achega de balde as vantaxes do e-comercio a 75 empresas galegas e portuguesas

O comercio electrónico é unha ferramenta vantaxosa para empresas e clientes, e as institucións públicas están a poñer a proba proxectos para fomentar as operacións de compra e venda por Internet.
Un exemplo disto é a iniciativa CIC-Commerce (Canle de Información e Comunicación de Datos para o Comercio Tradicional), financiada pola Unión Europea e a Xunta de Galiza, que entra co aninovo nunha etapa de fornecemento de obxectivos, achegando de balde a sesenta e cinco empresas de Galiza e Portugal un sistema que permite enviar facturas e albarás electrónicos, comprobar existencias e facer pedidos en tempo real, entre outras opcións.
A iniciativa, que busca sobre todo levar a tecnoloxía onde non existe (sobre todo nos negocios de tipo tradicional) céntrase sobre todo en sectores coma o da ferraxería, a construción ou os electrodomésticos. Nestes sectores, proporciónase acceso a unha plataforma (base de datos) que posibilita a introdución automática de todos aqueles datos que afectan á xestión das empresas, ó seu día a día. Máis información en www.cic-commerce.com.

Innovación quere levar a era dixital ós parques empresariais galegos a través de aulas de formación

Achegar as novas tecnoloxías ás empresas galegas, incluso no sentido literal da expresión. Este é o obxectivo do acordo asinado hai uns días entre Fernando Blanco, conselleiro de Innovación, e Santiago Gómara, presidente da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE).
Segundo este convenio, a Xunta comprométese a achegar 150.000 euros para habilitar aulas de formación tecnolóxica nos parques empresariais galegos. Serán, polo tanto, centros de emisión de coñecemento en Sociedade da Información e, asemade, acurtarán a distancia (física, polo tanto) entre esta e os empresarios e traballadores galegos. Dito doutro xeito; non será a falla de proximidade a principal razón da teimosía do tecido empresarial galego de ficar "desactualizado" no eido dixital.
Segundo informa a Consellería de Innovación, as aulas irán dotas do equipamento preciso para a informatización dos diferentes parques, co obxectivo último de facilitar unha oferta formativa e suficientemente ampla para cubrir as necesidades nas empresas destes recintos e da súa zona de influencia no uso e aplicación das TIC.
As asociacións de empresarios dos parques inicialmente propostos son as da Grela, do Polígono do Tambre e de Empresarios de Ferrolterra, na provincia da Coruña; as asociacións de empresarios de Begonte, Vilalba e Castro de Rei, na provincia de Lugo; as asociacións de empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao, do Polígono Industrial Barreiros e do Parque Empresarial de Chorente de Allariz, na provincia de Ourense; e nas asociacións de empresarios Parque Empresarial O Salnés, do Polígono das Gándaras do Porriño e de Mos, na provincia de Pontevedra.

Alertan sobre a venda a través da Rede de reprodutores de MP3 falsificados

Parece ser que a través das distintas páxinas de poxas a través da Internet coma eBay están a circular falsificacións dos reprodutores de música iPod Shuffle de Apple, que se diferencian nun principio por un único detalle: o prezo. O aspecto exterior dos reprodutores é semellante (case idéntico) ó dos Ipod Shuffle orixinais (e ó verse só en foto, resultan inapreciables) pero a súa calidade e as súas características son diferentes, polo que se consideran un fraude tremendo, que polo momento está ben localizado en Francia, onde incluso a Policía está a realizar intervencións.
Este tipo de timos son habituais na Internet, polo que o mellor que se pode comentar ós usuarios é que extremen as precaucións cada vez que alguén lles ofreza na Rede pesos a catro pesetas.

A Casa Real renova a súa web

A Casa Real renovou a súa páxina web (que no momento de escribir estas liñas está inaccesible por estar nun proceso de mantemento) no que supón unha mellora na accesibilidade, na estética e na orde dos contidos.
A nova páxina presenta unha axenda ampliada e mellor ordenada, e incorpora un buscador, aínda que a principal mellora está no deseño, xa que a web anterior tiña unha estética espantosa moi criticada. Os novos resultados pódense ver en: http://www.casareal.es/

O sector tecnolóxico galego xa pasou a liña das 1.500 empresas e dos 11.000 postos de traballo

O Observatorio TIC da Consellería de Innovación vén de dar a coñecer uns datos sobre o tecido tecnolóxico empresarial galego: número, emprego xerado, tipos de actividade.
Así, segundo o informe *A Sociedade da Información en Galiza*, o sector TIC do noso país está xa integrado por máis de 1.500 empresas, cun volume de emprego de 11.400 persoas, que vive ademais mergullado nun importante proceso de crecemento, "similar ó do conxunto do Estado", sendo a taxa de crecemento de empresas do 9,8%. Por actividades, as máis importantes son as informáticas, as de telecomunicacións, de fabricación de materiais electrónico, eléctrico e informático. Ademais, segundo o informe, consolídase a banda ampla como "*opción xeralizada na pequena e mediana empresa no que se refire a acceso a Internet, cun incremento do 15% no último ano na utilización deste servizo*".
En total, informa o Observatorio, un 90% das PEMES galegas están conectadas á Rede e o 84% das mesmas fano a través de banda ampla. No que se refire ós fogares, o estudo tamén inclúe datos de interese: o 19,1% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet e desta porcentaxe, un 8,7% emprega a banda ampla. Ademais, hai computadores no 38% dos fogares do país. Para máis información, http://www.observatoriotic.org//.

Educación quere que tódalas aulas dos centros docentes teñan acceso a Internet

A Consellería de Educación aposta pola implantación das novas tecnoloxías no proceso de aprendizaxe. Laura Sánchez Piñón, responsable do devandito departamento da Xunta, presentou hai uns días varias inciativas a este respecto que pasan por equipar tódalas aulas galegas de acceso a Internet. Con este fin, Educación investirá no vindeiro ano 4.310.000 euros (destinados ó pago das liñas de comunicacións).
A entidade pública empresarial Red.es colaborará en habilitar de ferramentas multimedia ós centros (o fondo dispoñible ascende a 14.000.000 euros). O seguinte paso está en achega-lo material e contidos multimedia. O Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) achegará un total de 6.306.061 euros; a Consellería de Educación contribuirá no financiamento desta acción achegando 375.406 euros no período 2005-2008.
Todo isto compleméntase con outras iniciativas como:

- A formación do profesorado no uso das tecnoloxías da información;
- Facilitarase a compra dunha computadora para cada familia galega achegando 300 euros;
- Implantaranse telecentros piloto nos centros educativos;
- Fomentarase a educación audiovisual nas aulas

O volume de internautas no mundo superou nalgún momento de 2005 a cifra dos mil millóns

O 90% das informacións que ofrecen estes días os medios en Internet sobre Internet fan referencia a algún tipo de reconto. Esta teima nosa de mirar cara atrás cada fin de ano para poñerlle a todo un número dá os seus mellores froitos cando saímos de Galiza e, logo de España.
Por exemplo: cantos internautas hai xa no mundo? Esta cifra, en aparencia difícil de estimar, vén de ser atopada por unha entidade especializada en poñerlle números a todo, Morgan Stanley, quen sostén que 2005, que xa se nos vai coma auga entre os dedos, pasará á historia por ser o ano en que superamos os 1.000 millóns de internautas no mundo.
Coñecemos este dato vía Baquía.com, e é se cadra unha das cifras que máis medran a nivel de estatísticas mundiais, xa que en 2002 contabilizáronse uns 605 millóns, o que constata un ritmo de crecemento actual do 18% anual. De tódolos xeitos, estas taxas non deben levar á conclusión de que todo o mundo se vai converter en internauta en breve. Esa non é a tendencia, por desgraza, xa que hai unha elevadísima porcentaxe de persoas no mundo que viven e vivirán de costas á Sociedade da Información, excluídos probablemente de por vida.
Por certo que o estudo tamén fai referencia a quen puído ser ese internauta número "mil millóns", e cómo e cando se cruzou esa barreira. Estatísticamente, o máis probable é que fose unha muller de 24 anos residente en Shanghai. A razón do argumento hai que localizala no feito de que máis dun terzo dos usuarios de Internet que hai no mundo están en Asia.
O informe complétase con outros datos de interese, como a referencia ó idioma dominante (o inglés, usado pola terceira parte dos internautas) ou ó feito de que se tardasen 36 anos para acadar os primeiros mil millóns de usuarios, estimándose a consecución dos 2.000 millóns en 2015. O seguinte reto, o dos tres mil millóns, será o que tarde máis en chegar.

Nethrone, a cadeira ergonómica para traballar perante o computador... como un rei

Xa que traballar non é sempre un prato de gusto, por que non facer o posible para que gañar o pan sexa o máis agradable posible. Este aparello (Nethrone) que atopamos en Xataca.com, a metade de camiño entre unha cadeira de dentista e unha *bici* de ximnasio, vai precisamente orientado a que nos doan menos as costas logo de estar durante máis tempo do necesario perante o computador, entre outras funcionalidades.
Con este dispositivo, co que posiblemente resulte máis doado aturar un soldo escaso, poderíamos pensar que tódolos restantes problemas laborais poderían chegar ó seu fin, pero cómpre non facerse ilusións, xa que custa 2.500 dólares. Chegamos polo tanto ó paradoxo: é un cómodo aparello unicamente reservado para persoas que viven comodamente. Cómpre sinalar que Nethrone, creado por Eran Baruhe, inclúe función de masaxe.

PCWorld publica unha listaxe cos 50 gadgets máis importantes dos últimos 50 anos

Aparellos tecnolóxicos que son como prolongacións do noso corpo e que teñen unha función útil e específica. Isto é, máis ou menos, o que entendemos por *gadgets* (algunha suxestión para empezar a utilizar un termo cen por cen galego?), e cada fin de ano semella que toca facer repaso daqueles que máis nos marcaron.
Nesta liña de mirar cara atrás e ver todo o que a tecnoloxía engadiu ó noso corpo sitúase PC World, que vén de publicar unha listaxe cos cincuenta mellores *gadgets* dos últimos cincuenta anos. O primeiro posto está ocupado polo mítico *walkman* orixinal de Sony, o segundo polo ipod de Apple (non podía faltar) e o terceiro lugar está compartido polo DVR, o Replay TV e o TiVo. O *ranking* complétase co PDA Palm Pilot 1000 e o primeiro reprodutor de CDs de Sony, o Sony CDP-101.

Avid achegará a súa experiencia ós novos realizadores do festival Play-doc de Tui

Avid Techonology, a empresa especializada en ferramentas de creación de contidos dixitais, participa apoiando a novos realizadores no Festival Internacional de Documentais de Tui (Play-doc), que se desenvolverá entre o 22 e o 26 de marzo.
Este certame, ó tratarse dun encontro arredor de produtos, os audiovisuais, que precisan de moito tempo de esforzos e dedicación, xa abriu a convocatoria para participar nunha das súas actividades máis importantes, Xpréssate en Tui06, un obradoiro de curtametraxes que busca apoiar o talento e a creatividade dos novos autores. O obradoiro (que tamén é un concurso) consta de tres partes: o seminario de montaxe, o taller do festival e o concurso Xpréssate en si mesmo, no que se deixará ó público o que elixa gañador. Ó rematar Play-doc, Avid facilitará ós autores que considere máis prometedores os medios para que a súa obra sexa editada e rematada coa máxima calidade técnica.
Cómpre sinalar que o prazo para presentar proxectos remata o vindeiro 3 de febreiro.

O operador R amplía a súa oferta televisiva con Cartoon Network, CNN e TCM

Cine clásico, noticias ininterrompidas e debuxos animados. Non se trata dun plan para unha fin de semana (aínda que ben podería selo) senón da ampliación da oferta televisiva do operador galego R, que vén de asinar un acordo con Turner Broadcasting System (TBS) que permitirá á empresa de cable ofrecer ós seus clientes tres novas canles de interese. Trátase de Cartoon Network (debuxos animados), TCM (cine clásico) e CNN International (novas as 24 horas do día).
Este acordo con TBS forma parte da estratexia de R de ampliar de xeito continuo a súa oferta de contidos televisivos para os galegos. A data sinalada para poder ver estas cadeas é o 2 de xaneiro, para os clientes do combo R e o combo 2 de R.

Sun cederá o seu software a Red.es para loitar contra a fenda dixital

Sun Microsystems e Red.es acaban de unir forzas para un proxecto interesante. Van traballar para reducir no posible esa fenda (invisible pero enorme) que separa ás persoas que están dentro da Sociedade do Coñecemento das que están fóra.
A ámbalas partes, posiblemente por motivos distintos, lles interesa traballar neste sentido, e Sun acode a este convenio co mellor que pode achegar: o seu software, cedido de balde a proxectos a Red.es para desenvolver proxectos que poñan fin á fenda dixital. Como por exemplo, a rede de centros de acceso público que Red.es ten espallada por España, ou o programa Internet nas Bibliotecas. Segundo o acordo, Red.es poderá instalar o software de sobremesa Java Dekstop System, a suite ofimática StarOffice 8 e a plataforma Java en tódolos computadores incluídos naqueles proxectos. O obxectivo último de todo isto: que a información non se nos escape, polo feito de non saber manexar un computador.

O sector tecnolóxico galego xa pasou a liña das 1.500 empresas e dos 11.000 postos de traballo

O Observatorio TIC da Consellería de Innovación vén de dar a coñecer uns datos sobre o tecido tecnolóxico empresarial galego: número, emprego xerado, tipos de actividade. Así, segundo o informe *A Sociedade da Información en Galiza*, o sector TIC do noso país está xa integrado por máis de 1.500 empresas, cun volume de emprego de 11.400 persoas, que vive ademais mergullado nun importante proceso de crecemento, "similar ó do conxunto do Estado", sendo a taxa de crecemento de empresas do 9,8%. Por actividades, as máis importantes son as informáticas, as de telecomunicacións, de fabricación de materiais electrónico, eléctrico e informático.
Ademais, segundo o informe, consolídase a banda ampla como "*opción xeralizada na pequena e mediana empresa no que se refire a acceso a Internet, cun incremento do 15% no último ano na utilización deste servizo*". En total, informa o Observatorio, un 90% das PEMES galegas están conectadas á Rede e o 84% das mesmas fano a través de banda ampla. No que se refire ós fogares, o estudo tamén inclúe datos de interese: o 19,1% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet e desta porcentaxe, un 8,7% emprega a banda ampla. Ademais, hai computadores no 38% dos fogares do país. Para máis información, http://www.observatoriotic.org//.

Espállase pola comunidade web galega a defensa dos dominios propios en Internet, ".gal" ou ".gz"

Vímolo nalgunhas webs e bitácoras galegas, unha banda azul que cruza xeitosamente o curruncho esquerdo superior da pantalla. Trátase dunha reivindicación que, partindo de Redegalega.org, espallouse pola comunidade internauta como unha iniciativa de *marketing* viral, e representa a defensa duns dominios cen por cen galegos como ".gal" e ".gz", ata o de agora inexistentes.
A proposta de Redegalega.org (que forma parte da Asociación Fillos de Galiza) non é nova, pero si que foi novo o xeito de difundila. De feito, hai un importante número de internautas galegos que levan anos reclamando un dominio dedicado á nosa cultura e lingua que nos sitúe como elemento diferenciado do resto de España, representada polo ".es". Ademais, segundo Redegalega, o feito de que haxa case máis galegos fóra de Galiza ca dentro dos seus límites administrativos é unha razón máis (de peso) para acadar estes obxectivos.
Na web convidan a tódolos usuarios galegos usuarios das novas tecnoloxías a que se unan a estas vindicacións.

Diminúe o correo lixo na Internet segundo a FTC norteamericana

Un informe presentado pola Comisión de Comercio Federal (FTC) dos Estados Unidos sostén que o correo lixo continúa a ser un problema importante para os usuarios de Internet, pero que actualmente se recibe menos spam que hai dous anos, cando se aprobou unha lexislación contra este tipo de práctica.
Así, un traballo de MX Logic estimaba no 67% o correo electrónico que correspondía ó spam, o que suporía unha redución do 9% con respecto do ano anterior, o que reafirmaría a tese da FTC, aínda que a explicación do fenómeno non debería ser tan simplista, xa que as medidas técnicas adoptadas contra o correo lixo tamén son moi fortes tanto por parte dos provedores de acceso como dos usuarios finais.

O Financial Times considera que os creadores de Google son os homes do ano

Aínda que a revista Time considere que o matrimonio Gates e Bono son as persoas do ano, o xornal británico Financial Times non coincide, e apunta de xeito máis realista a Sergey Brin e Larry Page, fundadores de Google, coma os homes do ano.
A repercusión de Google no último ano, tanto entre os usuarios da Internet coma no mundo dos negocios e da tecnoloxía facía moi evidente o galardón, pese a que competían con figuras coma Junichiro Koizumi (presidente do Xapón) ou Victor Yushenko (presidente de Ucrania).

Unha web achéganos ás bitacoras

A política leva tempo tendo relevancia na Internet española e, especialmente, nas distintas bitácoras, pero nos últimos tempos son os propios políticos os que escollen os *blogs* como xeito de comunicar as súas inquedanzas. Moitos deles como Manel Mas, Rafael, Lourdes Muñoz Santamaría, Alicia Sánchez Camacho ou Miquel Bofill, teñen as súas propias bitácoras, e unha web nace para centralizalas, de xeito que sexa doado achegarse ás mesmas: parlamentarios.info.
A nova web é un *agregador*, que nos pon ó día do que contan os parlamentarios con *blog* propio, polo que resulta de grande interese para coñecer a súa opinión sobre temas en concreto, aínda que hai que advertir que cada unha das súas bitácoras tende a unha temática, de xeito que é difícil atopar tomas polémicos de actualidade en todos simultaneamente (para contrastar opinións).

Só un 19% dos fogares galegos ten acceso a Internet

Telefónica achega este dato no seu informe anual da Rede, xunto con outros igualmente desfavorecedores para Galiza



REDACCIÓN

Non hai cambios no que se refire á penetración da Sociedade do Coñecemento en Galiza. Segue tan baixa coma sempre, á cola de España. Así o reflicte o informe da Sociedade da Información en España 2005 que presentou hai uns días Telefónica perante os medios informativos. Segundo esta investigación, feita pública polo propio presidente da operadora, César Alierta, e a vicepresidenta do Goberno, María Teresa Fernández de la Vega, só un 19% dos fogares galegos conta con acceso a Internet e, destas conexións, unicamente un 8,66% son de banda ancha. Asemade, a taxa de galegos e galegas que se conectou á rede no último trimestre é do 29,4%, oito puntos por debaixo da media española. O informe de Telefónica, que empresta este ano especial atención ó nivel de acceso das pequenas e medianas empresas, quere ser ademais un motivo para a reflexión para que dende o sector público (e o privado) se teña en conta o que hai de mellorable nas novas tecnoloxías en España. Deste xeito, faise mención dos motivos da baixa penetración. No caso de Galiza, non hai nada novo ó respecto: seguen a ser envellecemento da poboación e o accidentado da nosa orografía os principais impedimentos para superar a fenda dixital. A iso hai que engadir o carácter rural da nosa sociedade, ademais da falta de sensibilización e de formación axeitadas. Así e todo, hai índices nos que Galiza sae ben parada, como na penetración de telefonía, que é do 90,9 % nos fogares galegos no que respecta á fixa e do 70,22% no que se refire á móbil. Polo que atinxe ó sector empresarial, cómpre dicir que canto maiores son as empresas, mellor é a situación na Sociedade do Coñecemento. Estas son as cifras:

- O computador está presente no 98% das pequenas e medianas empresas e no 88% das microempresas
- O 90% das pequenas e medianas empresas conta con acceso á Rede, taxa que cae de xeito estrepitoso ata o 68% no caso das microempresas.
- O 44% das pemes ten sitio web, e unicamente o 22% das microempresas

Polo que respecta á administración, as cifras oscilan igualmente entre o moderadamente positivo e o negativo. Do total de galegos que utilizan as novas tecnoloxías, o 29% da poboación, algo máis da metade accede ós servizos da e-Administración. Disto se desprende que aproximadamente un 17% dos galegos fan uso das ferramentas que as institucións públicas poñen á súa disposición en Internet. Ademais, o 44% ten páxina web, a maior parte dirixidas ós cidadáns.

BARES E RESTAURANTES, OS QUE MENOS SE CONECTAN

Este informe de Telefónica, que xa vai pola súa sexta edición, indica que o nivel de conexión de a Internet é en España directamente proporcional ó tamaño da empresa. Este dato, que pon de relevo unha situación inxusta (a peor cara da globalización), complétase coa seguinte porcentaxe: até un 37% das microempresas españolas vive neste intre de costas á Sociedade da Información, carecendo de PC e, por suposto, de acceso á Rede. Entre as microempresas, o sector da hostalería é o menos favorecido na situación, cunha maior porcentaxe de desconexión (o 69% das empresas), seguido polo comercio minorista (53%) e o de transporte (39%), dous sectores que, como se indica no informe, son precisamente dos máis representativos da economía española.

CINCO MILLÓNS DE ACCESOS DE BANDA ANCHA

O informe de Telefónica inclúe, como cada ano, detalles sobre o nivel de penetración de Internet a nivel español, facendo especial fincapé no que ocorre cos accesos de banda ancha. Pois ben, segundo o estudo, estímase que 31 de decembro de 2005 xa estará superada a cifra dos cinco millóns de accesos de banda ancha fixa, dos que mais do 77% baséanse na tecnoloxía ADSL. A taxa de penetración da Internet de alta velocidade sitúase arredor do 8% dos fogares españois conectados á Rede.

No caso de Galiza, non hai nada novo ó respecto: seguen a ser envellecemento da poboación e o accidentado da nosa orografía os principais impedimentos para superar a fenda dixital.

ANÁLISE DO MELLORABLE... E DO EMPEORABLE

O estudo, como radiografía que é da Sociedade da Información en España, pon de manifesto todo aquilo que fai que o país estea na cola da Unión Europea en uso das ferramentas dixitais (precisa mellorar) e, ó mesmo tempo, todo aquilo polo que non hai que preocuparse (progresa axeitadamente). Para que se entenda, hai que mellorar, sobre todo, nisto: no uso do comercio electrónico. A razón? A ninguén se lle pode escapar a idea de que en España hai unha forte tradición mercantil presencial, con releo incluído. E a tradición, neste e noutros aspectos, é unha lousa. Pola contra, o país vai ben encamiñado na dispoñibilidade de caixeiros automáticos e terminais de venda, na conectividade a Internet e no uso de banda ancha nas empresas de máis de dez empregados.

O PERFIL DOS INTERNAUTAS: DE QUE PLANETA VEÑEN?

España está dividida. Por unha banda están os internautas, e pola outra as persoas que nunca se conectaron á Rede. De entre estas últimas (a diferenza do que ocorre coa división do país en ideoloxías de dereita e de esquerda, moito máis inmobilistas), hai unha ampla franxa de xente á que só lle fai falla un lixeiro empurrón para converterse en internautas. Poderíase dicir que están maduros. Pero este último movemento faise agardar, e as taxas e porcentaxes semella que non progresan moito de un ano para outro. Como por exemplo a da penetración de Internet na poboación, que é do 41,1%, semellante dabondo á do ano pasado. Segundo o informe de Telefónica, neste momento o país ten 15 millóns de internautas, que elixiron o fogar propio (nada como o fogar) como base de operacións *on line* referencial. Así, o 65% dos internautas son internautas caseiros, por diante dos internautas laborais, que representan o 32,7%. Polo que se refire ó seu comportamento, dicir que máis do 20% accede á Rede a cotío, mentres que o 34,6% fíxoo ó longo do último mes. A falla de interese e de formación seguen a ser os motivos principais da non utilización de Internet. Isto dáse sobre todo entre as persoas de máis idade, algo que se pode apreciar na seguinte estatística: o 70% dos mozos de idades comprendidas entre os 14 e os 19 anos acceden a Internet, fronte ó 1,6% dos maiores de 65 anos. A fenda dixital é, polo tanto tamén, unha nova fenda xeracional.

RECOMENDACIÓNS

A sexta entrega do informe A Sociedade da Información en España conclúe cunha serie de consellos e ideas tendentes a sensibilizar ós diferentes axentes públicos e privados para traballar conxuntamente a prol de superar as moitas fendas dixitais que existen dentro do país e con respecto a outros países. Aquí van uns cantos consellos:

- Que España debuxe e adapte o seu propio desenvolvemento á estrutura económica e as peculiaridades socioeconómicas do país.
- Fornecer o tecido industrial arredor do sector tecnolóxico (non chega con ter un bo mercado tecnolóxico). Dito doutro xeito: debería acadarse dunha vez por todas que as pequenas e medianas empresas que constitúen este tecido industrial adopten de xeito decidido o uso das novas tecnoloxías da información.
- Convencer ós cidadáns da utilidade de Internet (as barreiras para o desenvolvemento da Sociedade da Información en España non están na dispoñibilidade de infraestruturas senón na percepción da súa utilidade por parte dos potenciais usuarios).

Algo máis que unha asociación empresarial

REDACCIÓN

INEO, a gran asociación empresarial das tecnoloxías da información e da comunicación promovida pola Zona Franca de Vigo, non se limita a ser unha agrupación de empresas na procura do éxito dun proxecto común.

Cómpre non só involucrar en INEO ás empresas TIC galegas senón tamén aos axentes económicos e sociais.

É tamén un programa de actividades, plasmadas no noso Plan Operativo de Lanzamento, que definirá as liñas mestras da sociedade da información en Galicia, buscará a creación de riqueza e emprego baseado no coñecemento, coordinará proxectos de I+D e promoverá o uso das novas tecnoloxías en tódolos ámbitos da sociedade.

Dada a dimensión social da nosa iniciativa cómpre non só involucrar en INEO ás empresas TIC galegas senón tamén aos axentes económicos e sociais que definen a nosa realidade.

Entidades Colaboradoras

Unha Entidade Colaboradora de INEO é un axente interesado en promover e apoiar as nosas actividades e estratexias para o desenvolvemento da sociedade da información e a industria das TIC en Galicia. É dicir:

- **Reunir ao Sector TIC e do Coñecemento galego, actualmente desintegrado e de gran valor estratéxico na economía global.**
- **Promover entre os asociados a colaboración para desenvolver proxectos inabordables individualmente.**
- **Crear un sector TIC galego forte e innovador para competir no mercado español, europeo e internacional.**
- **Fomentar o emprego das novas tecnoloxías entre o empresariado e a cidadanía.**

Con esta figura dáselle a oportunidade a institucións e empresas vencelladas directa ou indirectamente co hipersector da comunicación de colaborar nas nosas actividades. ¿Quen pode ser unha Entidade Colaboradora?

- **As administracións e institucións públicas**
- **As entidades financeiras**
- **As universidades e centros de formación superior**
- **Os grupos de comunicación**
- **Os fabricantes de productos TIC**
- **As operadoras de telecomunicacións**

Unha Entidade Colaboradora de INEO é un axente interesado en promover e apoiar as nosas actividades e estratexias para o desenvolvemento da sociedade da información e a industria das TIC en Galicia.

Vantaxes

En imaxe: As Entidades Colaboradoras poderán utilizar a imaxe de INEO e unirse a un proxecto estratéxico para as empresas galegas coas vantaxes que implica: o respaldo dunha organización de prestixio e o recoñecemento social que aporta o colaborar co desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.

En información: INEO contará co seu propio servizo de información que aportará datos dun grande valor competitivo sobre os escenarios actuais e futuros do sector. Será tamén un espazo aberto ao debate intersectorial, ao intercambio de coñecementos, á vixilancia tecnolóxica e á cooperación. Promoveremos a creación dunha rede social centrada en promover a innovación nos procesos de negocio das empresas.

En participación: As Entidades Colaboradoras disporán dun representante no Consello Consultivo. Este organismo integrará a profesionais, entidades e empresas de referencia de decisiva importancia para deseñar as estratexias de INEO e do sector.

En proxectos: INEO, cunha orientación eminentemente práctica e enfocada á acción, ten deseñados 26 proxectos para dinamizar o sector TIC galego nos próximos tres anos. Estas iniciativas supoñen un gran impulso innovador para o mercado que implica a todos os axentes xeradores de riqueza de Galicia.

As Entidades Colaboradoras contarán cun nivel de influencia decisiva no desenvolvemento do hipersector das TIC.

As Entidades Colaboradoras terán a oportunidade de propoñer e fomentar a realización de actividades e estratexias na liña cos obxectivos de INEO.

Estes catro motivos poden resumirse nun: as Entidades Colaboradoras contarán cun nivel de influencia decisiva no desenvolvemento do hipersector das TIC en Galicia e na configuración da sociedade da información e o coñecemento na nosa sociedade.

Socios de Ineo

Máis información
www.clusterineo.org
ineo@clusterineo.org
986 26 97 15

O cambio de "look" de Xunta.es, a exame

O Goberno galego presenta a nova imaxe da web institucional, máis doada de usar e, sobre todo, máis atractiva dende o punto de vista estético

REDACCIÓN

A Xunta vén de dar un paso na Sociedade da Información que posiblemente sexa máis decisivo do que semella a primeira vista. O cambio de imaxe da súa web (o tema deste artigo) é algo máis ca un simple cambio de imaxe. Sobre todo, tendo en conta que a base da que se partía, o paso previo, era unha web certamente inadmisible, e érao por varias razóns. Unha delas, tan importante como as outras, era unha razón de estética. De feito, era cada vez máis complicado aturar unha situación na que un Goberno, o galego, deixaba a súa peor cara para Internet, entendendo que tanto dentro como fóra de Galiza a páxina da Xunta é a súa faciana, moito máis xa (hoxe en día) cás escaleiras da sede administrativa de San Caetano. Porén, pártese de base de que na actualidade as empresas e institucións e persoas son, cada vez máis, o mesmo cós seus sitios en Internet. Na Xunta de Galicia xa existía dende que chegou o novo goberno a intención de darlle un cambio de rumbo radical ó concepto e funcionalidades da web institucional. Usuarios, medios de comunicación e cidadáns en xeral trabáronse a lingua durante meses, agardando por este vento fresco en Internet, e temendo asemade que se confirmasen os seus medos: que na Sociedade do Coñecemento cambiara todo agás a web do goberno galego.

Finalmente, o luns 12 de decembro, confirmouse o cambio de imaxe.

Un xiro que, como dicíamos ó principio, ten un fondo significado para a administración galega, que vai alén dun simple lavado de cara. O novo proxecto de web busca cambiar o tipo de relación que ata o de agora existía entre a Xunta e o cidadán a través de Internet. Até o día de hoxe, empregábase basicamente para consultar teléfonos, enderezos webs, nomes e apelidos de cargos, entradas no Diario Oficial de Galicia e algunha que outra nova oficial. De agora adiante, é posible que se siga utilizando para o mesmo, pero preténdese que iso que viñamos facendo unicamente uns cantos, na actualidade o poida facer case todo o mundo, sen importar os coñecementos tecnolóxicos que se teñan e a capacidade de visión e mobilidade que se posúa. Asemade, sostén a Xunta que amplía os servizos dispoñibles, sendo posible atopar datos sobre a administración, información xeral sobre Galiza, novas vinculadas á Xunta e, asemade, facer trámites e formalizalos oficialmente a través da web. Isto levarase a cabo no apartado de servizos directos, "*que permite acceder ó Diario Oficial de Galiza, á administración electrónica e ó rexistro temático, entre outros*", informou o goberno galego na presentación do proxecto. Estas funcións veñen acompañadas de medidas que garanten a fiabilidade dos datos persoais.

Accesibilidade: a palabra chave

Un dos termos que máis aparece na listaxe de obxectivos da Xunta con esta nova imaxe da súa web é o termo "accesibilidade". Este é, segundo o goberno, o alicerce sobre o que se constrúe a iniciativa. Máis aínda se temos en conta que tódolos cidadáns temos os mesmos dereitos de acceder á información, e isto debe facilitársenos na medida do posible, estando tipificado no apartado 34/2002 da Lei da Sociedade da Información, que obriga ás administracións públicas a seguir unhas pautas mínimas de accesibilidade.

Con todo, por que é a accesibilidade tan importante para a sociedade?

Porque, en primeiro lugar, a poboación envellece e cada vez é máis complexo para determinadas franxas de idade comprender os adiantos técnicos (este feito é de moita importancia en Galicia, onde temos a sociedade máis avellentada de Europa).

E en que consiste exactamente a accesibilidade?

Consiste en facer máis doada a navegación, e é aí precisamente onde quere traballar a Xunta coa nova faciana da web. "*O que se pretende*", din, "*é acadar unha organización de contidos máis sinxela e intuitiva*". Ademais, faise fincapé na verba "*usabilidade*", outra das características fundamentais do sitio, "*que busca garantir o acceso ós contidos e funcións da páxina a tódolos cidadáns, con independencia dos dispositivos físicos e dos navegadores web que se empreguen para elo*".

Resulta de especial importancia, ademais, facer fincapé no deseño do sitio, que segundo indica a Xunta segue os principios establecidos polo Consorcio da Web (W3C) para que os contidos sexan accesibles, e que calquera poida percibi-las, pautas de navegabilidade mediante axudas e controis que poden ser comprendidos por todo o mundo. En realidade, todas estas medidas levadas a cabo no sitio da Xunta forman parte dun proceso máis amplo ó que xa estamos comenzado a asistir: o da renovación total das webs de tódalas administracións. O proceso, asímesmo, intensifícase estes días. Sobre todo se temos en conta que a partir do ano que vén será ilegal que as administracións teñan webs que non cumpran con determinados criterios de accesibilidade.

Posta en longo, menos é máis

En cuestións de accesibilidade, funciona abondo o de "menos é máis". Incorrendo no que se refire a elementos que non sexan estritamente informativos (fóra as presentacións que non achegan nada). A nova faciana da páxina da Xunta ten, a simple vista, máis elementos có anterior formato, pero só en aparencia. En realidade, están distribuídos doutra maneira, sen deixar apenas nada oculto. Antes, o que se vía nada máis *cliquear* "xunta.es" era unha mínima parte do que podías atopar. Agora, sen embargo, o que se ve é practicamente o que hai. A web segue, nalgúns aspectos, a liña que abriu o *site* da Universidade de Santiago en Galiza, cunha columna central que se reserva para a información, as novas da Xunta, das que podemos ver titulares e máis entradiña.

Fai falta máis

IVÁN FOCIÑOS, DIRECTOR TÉCNICO DE HOSPEDAXES.COM
IVAN@HOSPEDAXES.COM

Preocupada polo desenvolvemento da Sociedade de Información en Galicia, a Xunta renovou a súa web cumprindo os preceptos de accesibilidade indicados na LSSICE e que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2006. Afondando nos niveis interiores do sitio web decatámonos de que o proceso de renovación non implicou a outras webs tanto da Xunta como de institucións relacionadas con ela, e que tan graves carencias posúen, tanto en accesibilidade como en usabilidade e uso de estándares. Trátase por tanto dunha renovación na que simplemente se modificaron contidos informativos da Xunta dunha utilidade posta en dúbida. A falta de coordinación entre as diferentes institucións e consellerías denótase unha vez máis, agora en forma de sitio web na "rede de redes".

Grata sorpresa, que oxalá teña continuidade

PABLO LÓPEZ, CONSULTOR E XERENTE DE HACCE HACCE@HACCE.COM

Unha grata sorpresa atoparme con esta web. Grata porque semella indicar que na Xunta apóstase por unha liña de deseño web no que aparece o concepto da accesibilidade (tratado correctamente, aínda que mellorable) e na que se tenta achegar de maneira sinxela os contidos aos usuarios. O resultado é elegante e limpo e moi correcto seguindo os estándares web. Máis, inicialmente, semella que o que se fixo foi un "lavado de cara" da parte da web máis institucional. A nivel de accesibilidade chama atención o peculiar texto alternativo das imaxes de actualidade (un guión), que non achega nada máis que "ruído" a persoas con problemas visuais (pero que serve para pasar tests automáticos), e unha marcaxe incorrecta da xerarquía dos contidos.

Non se deu un tratamento correcto a estrutura da información, e non se chega a un nivel de renovación de estrutura e dos contidos que se poda aproveitar ó cen por cen. Bótanse en falla cousas coma un "mapa da web", algo imprescindible para sitios destas dimensión e con esta fondura de contidos, e que pode facilitar en gran medida a navegación. Tamén o buscador, que non ofrece unha busca global do sitio, e o único que fai é levar a outros buscadores parciais de webs sen revisar. Non dá unha imaxe clara das páxinas visitadas ou non. Outro detalle salientable é a presenza de erros que podemos considerar "despistes", provocados se cadra pola présa na súa presentación, como son ligazóns que levan a enderezos inexistentes. Tamén hai menús e contidos na parte de "castellano" que están en galego, xunto con tódalas novas. Outros pormenores xa foron corrixidos como a presentación en só texto nas novas, aproveitando o xestor de contidos anterior, e algunhas ligazóns. En resumo, quero pensar que isto é só unha declaración de intencións, que terá unha continuidade e melloras no futuro e non un intento de "apaño" para cumprir coa lei que obriga as administracións a adaptar as súas webs a normativa de accesibilidade antes do 31 de decembro de 2005.

MÁIS DE
90.000
OLLOS
VERÁN
A TÚA
PUBLICIDADE
ANÚNCIATE
981 936 324
Código Cero

Galardóns para a Galiza que mira cara adiante

Softgal e Interacción reciben o Premio EGANET pola aplicación multimedia do Museo do Ferrocarril

REDACCIÓN

O ano 2005 serviulle á Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET) para consolidar de xeito definitivo os seus premios tecnolóxicos, orientados a recoñece-lo labor de empresas e institucións no camiño de traer un pouco máis preto a Sociedade da Información cara Galiza, e que non se nos escape. Nunca antes houbo tanta repercusión nos medios informativos, e nunca antes se presentaron tantas candidaturas, informou a asociación ó longo dos días previos á entrega de galardóns. Os nomes dos premiados déronse a coñecer o venres 16 de decembro no Centro Social Caixanova de Vigo, nunha gala que os seus responsables quixeron converter en "*punto de referencia da innovación*" e que contou coa presenza de diversos persoeiros da vida pública e empresarial galega (máis de cen asistentes). Entre os galardoados ó acto estivo a empresa Softgal, quen, xunto con Interacción, foi a responsable da aplicación multimedia interactiva para o Museo do Ferrocarril. No eido xornalístico, tamén recibiu un recoñecemento especial a web Vieiros, "*polo seu papel como promotora das tecnoloxías da información en Galiza*". Cómpre sinalar que esta revista dende a que facemos esta crónica dos galardóns, Código Cero, tamén foi recoñedida o ano pasado polo seu labor divulgador. A continuación, incluímos a listaxe completa de premiados.

A entrega de premios, que foi presentada por Tomás Alonso, contou coa presenza (de esquerda a dereita) de Manuel Xosé Fernández, director xeral de Comunicación Audiovisual; Xosé Ramón Pais, presidente de EGANET; Elena Veiguela, directora xeral de Sociedade da Información e Xosé Manuel Fernández Alvariño, presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra.

Premio Mellor Produción Multimedia:

www.softgal.es/ www.interaccion.es

• Softgal-Interacción Aplicación Multimedia Interactiva para o Museo do Ferrocarril. Softgal e Interacción, dúas empresas tecnolóxicas galegas de primeira liña, viron recompensados os seus esforzos no proxecto de deseño multimedia para o Museo de Ferrocarril de Vilagarcía con este premio de EGANET, co que se valorou o de didáctico que ten a iniciativa e, sobre todo, o equilibrio (moitas veces tan escorregadizo) acadado entre o puramente divulgativo e o que está feito ó cen por cen para divertirnos. E todo isto, sacándolle toda a punta posible ás tecnoloxías da información, que non é pouco.

Premio Mellor Uso de Tecnoloxías de Código Aberto:

www.usc.es

• Universidade de Santiago de Compostela: Ferramenta e-Sicus. A web da Universidade de Santiago (USC) aparece, con tódolos seus defectos, como exemplo a seguir en case tódalas conversas e debates sobre cómo debe ser a web dunha institución educativa en Galiza. Útil e, sobre todo, accesible. Por dicilo doutro xeito: a web da USC xa ía camiño de ser accesible cando nós, o groso dos internautas, aínda nos estabamos a preguntar en que consistía. A Ferramenta e-Sicus, que foi a que motivou este premio de EGANET, non é parte da web, mais si que se pode inserir na liña de ir na vangarda en tendencias tecnolóxicas. Trátase dun desenvolvemento de código aberto para o eido das universidades e das administracións públicas e a súa xestión económica.

Premio Especial de EGANET

www.vieiros.com

• Vieiros leva anos amosando que é posible ter un medio de comunicación en Internet e que, ademais disto, che lean milleiros de persoas. Segundo EGANET, Vieiros (que agora estrea nova directora, a xornalista María Yáñez, substituíndo a Anxo Quintela) é un modelo a seguir como xornal electrónico en Galiza e en España. E non só por ter sido pioneiro nesta plataforma, senón tamén (e sobre todo, tendo en conta que EGANET é un premio tecnolóxico) polo que ten contribuído a convencernos de que isto das novas tecnoloxías non son, en absoluto, unha mala cousa para a nosa sociedade.

Premio Mellor Acción de Publicidade On Line:

http://www.pizzamovil.es/

• Pizza Móbil: Campaña publicitaria do vintecinco aniversario. Esta iniciativa de autopromocións levada a cabo por Pizzamovil desenvolveuse en Internet, sendo a primeira destas características lanzada a nivel nacional na Rede, incluíndo segmentación por provincias. A campaña é un exemplo máis do importante protagonismo que está a adquirir Internet como plataforma ideal de publicidade: chega de xeito inmediato a máis xente en máis lugares, é abondo accesible e ten un bo nivel de aceptación.

Premio Mellor Aplicación de Mobilidade:

http://www.loroestudio.com/

• Loroestudio: Aplicación J2ME Eleccións Xunta de Galicia. Loroestudio leva anos poñendo en marcha todo tipo de salientables servizos nos que se lle saca rendemento ó multimedia en terminais móbiles. Ten o apoio de operadoras como Telefónica e adoita achegar nos seus proxectos ideas nunca antes concibidas, ou polo menos, nunca antes levadas a cabo. O motivo de ter sido galardoados por EGANET vai, precisamente, nesa liña de abrir novos camiños, poñendo nos nosos móbiles o programa de cada partido nos días previos ás eleccións da Xunta de 2005. Doado en aparencia, pero certeiro.

Premio Mellor Negocio On Line:

http://construdata21.com·

• Internet Construdata21, polo proxectowww.construdata21.com Construdata21 é un servizo de información que se estrutura arredor dunha base de datos actualizada de xeito constante, que rexistra todo tipo de pormenores de interese sobre os proxectos que se están a levar a cabo en España no sector da construción. Sexan de carácter público ou privado. O proxecto non só ten valor pola súa utilidade (dende dentro ou dende fóra do sector), senón polo que representa. É dicir: valorouse o feito de que Construdata21 concilie dous mundos en ocasións ben distintos: o das redes e o da construción.

Premio Presenza Institucional en internet:

http://www.aytolacoruna.es

• Concello da Coruña, http://wwwaytolacoruna.es. A web do Concello da Coruña aparece sempre nos postos altos dos *rankings nos que se valora a utilidade dos portais das administracións locais en Galiza e España. O Concello da Coruña, sabendo que a páxina institucional dunha cidade na Rede é cada vez máis a cidade que representa, leva anos tratando de sacarlle o máximo rendemento ós servizos administrativos on line e ós de comunicación. Segundo EGANET, destaca pola utilidade e pola accesibilidade.*

Premio Presenza en Internet:

www.umbrofutbol.es

• Interacción, polo proxecto htttp://www.umbrofutbol.com. Interacción márcase este ano un novo tanto (e nunca mellor dito) coa web de Umbrofutbol, interactiva ó cen por cen e deseñada para unha empresa, Umbro, de primeira orde no terreo deportivo mundial. A web é salientable pola súa calidade visual e polo seu dinamismo, é doada de utilizar e (o máis importante) está feita para ser visitada máis de unha, dúas ou tres veces.

Premio á Mellor Solución On line:

http://www.trusttransfer.info

• Enyiris, polo proxecto http://www.trusttransfer.info. A empresa Enyiris, especializada en deseño, artes gráficas, imaxe, novas tecnoloxías e enxeñería, obtivo este premio de EGANET polo desenvolvemento dun software propio que posibilita ás empresas que teñen acceso á Rede transferir ficheiros e carpetas de gran amplitude do xeito máis seguro e sinxelo posible. Por certo, o acceso a esta ferramenta é un motivo máis para que as empresas que até o de agora non están en rede, comecen a facelo.

Premio Tecnoloxía Accesible:

http://www.cogami.es/

• Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI): proxecto de formación a distancia para persoas con discapacidade en Galiza. A COGAMI é a un dos organismos máis activos do país no que se refire a facilitar o acceso ás novas tecnoloxías das persoas con algún tipo de limitación. A confederación, partindo da base de que tódolos individuos teñen o mesmo dereito á acceder ás vantaxes da Sociedade do Coñecemento, puxo en marcha un proxecto de dobre finalidade: achegar ferramentas informáticas básicas ós discapacitados e (complementariamente) formalos para un posto de emprego digno.

Mellor Web de Medios de Comunicación:

www.consellodacultura.org

· Consello da Cultura Galega, htttp://www.consellodacultura.org. O Consello da Cultura Galega (CCG) leva anos sendo a súa web. Hoxe en día, o nivel de actividade dunha entidade mídese polo útil que sexa a súa web. O servizo en Rede, que funciona dende hai uns cinco anos, está coordinado por un amigo desta casa (Código Cero), Manuel Gago. Segundo EGANET, o CCG é un punto de referencia para coñecer a nosa lingua e a nosa cultura a través dos seus soportais de literatura, radio, audiovisual e cómic.

Xoves Emprendedores:

www.comintper.com

• Compañía de Internet Personal http://www.comintper.com. Nome interesante para un proxecto interesante. Compañía de Internet Personal é unha empresa nova, en todo o sentido da palabra. Está constituída por profesionais da socioloxía, as redes sociais, as novas tecnoloxías e o *marketing*. *E ten como obxectivo servir de ponte entre elementos moi diversos: necesidades sociais e tecnolóxicas que xorden nas comunidades de veciños, a promoción residencial, a educación e o deporte.*

Encontros para un novo xeito de comunicar

O salón Mírate levará a Vigo as máis innovadoras propostas de imaxe e creación entre o 26 e o 29 de xaneiro

REDACCIÓN

O panorama de encontros galegos vinculados á Sociedade do Coñecemento non para de animarse. Nesta liña de non dar tregua á fenda dixital no noso país se sitúa o primeiro Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación do Noroeste. Este encontro, que se vai celebrar en Vigo entre os días 26 e 29 de xaneiro de 2006, quere converterse no escenario onde establecen diálogo (fronte común) as seguintes materias: *marketing*, fotografía, publicidade, artes gráficas, deseño, audiovisual, comunicación e Internet. A feira, que terá lugar no Instituto Feiral de Vigo, conta con espazo para máis de cen expositores e nos primeiros bosquexos do programa ábrese unha ampla marxe para presentacións de empresas, conferencias, xornadas profesionais e exposicións.

Mirate 2006 capta a atención do usuario dos profesionais do audiovisual e das novas tecnoloxías. Faino, primeiramente, co propio nome do salón, un termo que establece diálogo, que convida á reflexión, que nos anima a que contemplemos o que fixemos e o que poderíamos facer coa axuda das novas ferramentas e estratexias que aparecen a cotío no mercado. O Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación do Noroeste quere ser como un espazo de encontro no que cada visitante tome conciencia das posibilidades propias. Isto, que semella moi doado de conseguir, non se pode dar nun congreso que siga ó pé da letra os derroteiros de milleiros de congresos celebrados sobre este tema.
Había que marcar diferenzas. Dende a base.

Segundo nos fai saber a organización de Mirate 2006, a empresa Tevemos, este evento nace da "*constatación de que non existe ningunha feira profesional que abrangue a tódolos sectores relacionados coa imaxe a comunicación*". Ó seu xuízo, feiras como Sign, Exporeclam, Promo Trade ou Serigraph amosan "*unha excesiva atomización dentro do sector ó que representan"*. Polo tanto, a idea de Tevemos era non pecharlle as portas a ninguén: "*Quixemos dar acubillo nunha soa data e lugar a tódolos sectores deste gran eido, dende axencias de publicidade a empresas de artes gráficas, pasando por medios de comunicación, deseño gráfico, fotografía, marketing, Internet, etc.".*
Deste xeito, Galicia márcase un tanto como país innovador, se chegamos a entender o termo "innovador" como a capacidade de interesar á maior cantidade de persoas.
Estes son algúns dos sectores que terán representación en Mírate 2006:

- Axencias de comunicación
- Axencias de modelos/actores/casting
- Axencias de publicidade
- Comunicación visual
- Deseño e creatividade
- Deseño industrial
- Editoriais
- Equipos e servizos audiovisuais
- Feiras
- Filmación e fotocomposición
- Formación
- Fotografía
- Grandes marcas galegas
- Impresión
- Informática
- Internet/multimedia/postprodución
- Manipulado
- Maquillaxe
- Marketing
- Medios de comunicación
- Packaging e embalaxe
- Produción audiovisual
- Reprografía
- Serigrafía
- Software
- Telecomunicacións
- Tintas
- Viaxes incentivo

Participación dende tódalas frontes

Mirate 2006 conta con apoios de moi variada índole. Dende medios de comunicación a todo tipo de empresas tecnolóxicas, pasando por institucións públicas e firmas galegas dedicadas á imaxe, a reprografía, ó deseño. O panorama é tan amplo como se poida imaxinar, agora que as novas ferramentas facilitan a propagación do elemento visual, o seu uso, a súa función na sociedade... agora que a comunicación non é nada, apenas existe, se non se acompaña dunha imaxe. Malia que este artigo se redactou a mediados de decembro, estando o programa de Mirate inacabado, puidemos constatar o apoio e a participación como expositores dos seguintes axentes: CRTVG, Grupo Voz, Asociación de Empresarios de Artes Gráficas, Xunta de Galicia (a través da Dirección Xeral de Comunicación, a Dirección Xeral de Formación Profesional e a Dirección Xeral de Formación e Emprego), Grupo Neo, VisualGraphics, Grupo Faro de Vigo, Grupo Radio Vigo, Asociación de Axencias de Publicidade de Pontevedra, Koi Digital, AVS, Norma Publicidade, Grupo Sei, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo, Grupo La Región, EGANET (Empresas Galegas Adicadas a Internet), Tórculo, Carchidea, Anduriña, Norgráfica, Radivideo, Cáccamo Deseño Gráfico, Gabinete Fotográfico, VigoFoto, Expogira, Fundación TIC, Las Cintas Soportes Magnéticos, Grupo YFAS, Galma Etiquetas, Iberoprensa, Grafoplás do Noroeste, Celta de Artes Gráficas, Localia Televión, Aaccentia Multimedia, Publitia, Cashdisplay, CENP, V. Coutinho, Viaxes Iberia, Junor, Greenbook, Fericomplet, Gráficas Lijar, Grafimática, Código Cero, Marins, Indicadores, Dinacom Consulting, Librería Formatos, Ponto A, Mediterránea Multimedia, Continuo Print, IDISA, Club de Creativos, Atlántico Diario e Cadena Cope. Cómpre sinalar que xa a mediados de novembro se vendera case todo o espazo feiral, o que indica a magnitude da capacidade de convocatoria do salón.

Coincidindo co Día da Publicidade

Non é casual que o salón Mírate coincida co Día da Publicidade, sendo como é unha feira sobre a imaxe a comunicación. Que sería da publicidade sen a linguaxe visual? Que sería da publicidade sen as novas ferramentas tecnolóxicas que amplían as posibilidades da imaxe? Con motivo de celebrar este día, o 27 de xaneiro vaise celebrar a Comida Anual da Publicidade, dentro do marco da propia feira, "*o que garantirá unha alta asistencia de empresarios do sector*", segundo indica a organización. A maiores, sinalar que Mirate contará coa presenza de colectivos representantes deste eido, como a Asociación Provincial de Axencias de Publicidade (que habilitará un *stand* de 90 metros cadrados) ou Asociación de Empresarios de Artes Gráficas (AEAGG), cun espazo de 162 metros cadrados, o de maior envergadura do encontro.

"Serán os propios profesionais os que decidan o que vai ser Mírate"

Falamos con Enrique Varela, director do I Salón Profesional da Imaxe e a Comunicación, co fin de que nos puxera ó tanto do que imos atopar no IFEVI entre os días 26 e 29 de xaneiro

Foro, feira, salón ou un pouco de todo. En Mírate participa tanta xente que semella moi complicado poñer etiquetas. Isto, que podería parecer un defecto, transfórmase aquí en virtude, porque unicamente atendendo ós cambios e ás suxestións aseguras o futuro. É unha cuestión de adaptación ó medio. Facendo que as empresas elixan cómo debe ser unha xuntanza (Mírate) evitas caer no inmobilismo. E o inmobilismo é centrarse só nun detalle do tecido empresarial. Mírate quere ir moito máis alá. Non lle falla ambición, polo tanto, a esta feira/salón/foro da que buscamos estes días a cabeza visible, sendo Enrique Varela, o seu director, o máis semellante a unha "cabeza visible". Falamos con el por teléfono e aquí vai un resumo como outro calquera da nosa conversa: Mírate é unha cita para todas aquelas persoas (sobre todo profesionais) que quixeron saber algunha vez, ó longo da súa vida, cómo se "fabricaba" un anuncio publicitario.

Enrique Varela (a esquerda) durante o acto de presentación ante a prensa dos obxectivos do salón Mirate.

F.S.

-Que queredes facer en Mírate que non se fixera antes noutras feiras de similares obxectivos? Que é iso que vos vai permitir marcas as diferenzas?

-Primeiro, que centramos a atención en todo o noroeste, que non é un escenario moi amplo pero que ten un importante potencial. Con esta visión, temos dous países en mente. Ademais, nunca houbo antes unha xuntanza que aglutinase a tantos sectores xuntos. Por enriba de todo, somos punto de encontro. Un lugar para vernos todos, os deseñadores, os anunciantes, os usuarios. Somos xente que nos coñecemos por correo electrónico ou por chamadas telefónicas pero nunca nos miramos cara a cara.

-De aí o de Mírate.

-De aí o de Mirate.

-Chámanos a atención o nome da feira e, se cadra, era iso o que pretendiades. Semella que cando se lle di "mírate" a alguén o que se pretende é dicirlle que se decate das súas posibilidades, que se vexa ben, como é. É por aí por onde queredes ir? Animando ó sector galego da imaxe e a comunicación a crer en si mesmo?

-Mírate é verse. E tamén mirarse no sentido galego do termo. Se non te miras a ti mesmo, non es quen de ver cómo te miran os demais. É, tamén, unha cuestión de espirse. De amosarte a ti mesmo, comparando as túas posibilidades coas dos demais.

-Por que cubrides tantas frontes? Non corredes o risco de quedarvos a medio camiño precisamente polo de ambicioso que ten a proposta?

-É suicida en Galiza facer unha feira unicamente dun tema, digamos por exemplo sobre fotografía. O noso é un eido pequeno. Nin sequera en Madrid tería auténtico éxito unha feira tan especializada. En realidade, non sabemos se isto é unha feira, un salón ou un foro. Ten un pouco de todo. Ademais, será o propio sector o que decida o que vai ser Mírate. Faremos enquisas e estableceremos diálogo coas empresas e profesionais.

-Nun artigo recente de El Correo Gallego, vemos que din de Mírate que vai encamiñada a ocupar o posto de Publimeeting, en Oporto, salón que quedou este ano en suspenso, é iso certo?

-Hai aí unha parte de verdade. Cando puxemos en marcha o proxecto si que tiñamos consciencia de que Publimeeting estaba esmorecendo. Nese encontro de Oporto, as artes gráficas comeron ós demais sectores. A chave do éxito pareceunos aglutinar a tódolos sectores, non só ós máis específicos. Ampliar a visión. De aí tamén o nome de Mírate, que é un termo que convoca a todo o mundo, sen establecer preferencias. Trátase de manter un equilibrio constante entre os oito sectores representados. Somos herdeiros, si, de Publimeeting, pero a nosa filosofía é moito máis flexible e moito máis aberta.

-Tendes un ollo posto en Galiza, pero é certo que tendes o outro en Portugal?

-Absolutamente que si. Moi axeitada a pregunta, xa que é unha metáfora do nome deste encontro. Portugal, grazas ás novas tecnoloxías da información, está máis preto de nós ca nunca. Estamos a traballar sempre xuntos, colaborando, sobre todo aquí, no sur de Galiza. As nosas linguas son cada vez menos diferentes.

-Cales son as previsión para Mírate, no que se refire a expositores e visitantes?

-Neste momento (*finais de decembro*), estamos a piques de chegar ós 80 expositores. A previsión é acadar os cen ó longo destas datas. Polo que respecta ó número de visitantes, agardamos superar os 5.000. Estou a falar só de profesionais, nada máis. Creo que se baixamos da cota dos 3.000 preferimos morrer antes que ceder nesta primeira edición a converternos nun centro de atracción de público en xeral que non vai achegar nada.

-Son catro días de actividades. Vai dar tempo a que se fagan moitas cousas. Van ter tódalas xornadas os mesmos obxectivos? Dito doutro xeito: a quen lle dedicades os días laborais (26 e 27 xaneiro) e a quen a fin de semana (28 e 29 do mesmo mes)?

-Os días 26 e o 27 e incluso o 28 pola mañá son exclusivamente para os profesionais. A entrada para o público en xeral non vai estar prohibida estas primeiras xornadas, pero si que se vai facer todo o posible para atraelos unicamente a fin de semana. Haberá xente que cando lea esta entrevista pensará que se trata dunha aposta arriscada. Pero é a nosa aposta e é o que queremos.

-Quen ten cabida en Mírate?

-Tódalas persoas que queiran saber de *marketing*, fotografía dixital, artes gráficas, etc. Queremos que o sector estea contento. Falamos de profesionais pero tamén de persoas que, dende fóra deste eido, estean interesadas en aprender. O do público en xeral é outra cousa. O nome deste salón xa debería, polo menos no papel, botar cara atrás a visitantes que poidan vir por despiste. Queremos fuxir do modelo doutras xuntanzas similares, que se converteron en receptores de excursións de colexios, e non desexamos iso.

-Sinalástedes hai pouco que en Mírate vaise aproveitar para presentar o Anuario da Creatividade Galega. En que consiste isto? Onde radica o seu interese para profesionais do sector e, para os medios de comunicación en xeral?

-Esta é unha idea cen por cen de Xesús Seoane, profesor da Universidade de Vigo, que quixo facer un repaso polo miúdo sobre a capacidade de creación galega ó longo dos doce meses que deixamos atrás. Así, púxose en contacto con publicistas, con creativos e deseñadores que lles remitiron os seus traballos publicitarios. O seguinte paso foi elixir o que consideraron representativo. Foi coma se Seoane e o seu equipo recompilasen os *greatest hits* da creatividade. Logo, entramos nós. Xesús tiña un bo produto nas mans pero non tiña forza económica para publicalo. Mírate apostou pola iniciativa e arrisca editando este primeiro anuario.

-Coincide Mírate co Día da Publicidade. Vaise conmemorar?

-Non é casualidade que o salón se celebre ese día. A publicidade é o factor que nos une a tódolos participantes. É, polo tanto, a festa de todo o mundo. Preguntádesme se imos conmemorar este día. O propio

congreso que se vai celebrar no marco de Mírate é a conmemoración en si mesma.

-Para rematar, unha pregunta obrigada. Que lle podemos dicir a todas aquelas persoas de Galiza e o seu entorno que non saiban se acudir ou non a este o voso salón? Algunha chave para convencelas de que non dubiden en facelo?

-Calquera persoa que traballe nunha empresa debe estar alí. Calquera persoa que algunha vez pensou en facer publicidade dos seus produtos, ou en facer publicidade dos de outros. Que non ten unha cámara de fotos coa que lle gusta obter imaxes que sexan de calidade? Quen non te curiosidade por saber como se xesta un anuncio de televisión? Nisto que vou dicir poida que peque de egocéntrico, pero o noso é un sector que esperta moita curiosidade. E agora que estamos a rematar con esta entrevista, gustaríame dar unha información en primicia para Código Cero, relacionada directamente con isto da publicidade. É moi posible que contemos con Coca Cola España para habilitar un *stand* onde se faga un repaso polas iniciativas publicitarias máis interesantes da marca. Unha marca que resume, ó longo da historia, o significado da palabra "anuncio". Agardamos contar con representantes da casa, que nos falarían de cousas interesantes sobre as súas iniciativas, pasadas e futuras. A quen non lle interesa mirar directamente á maquinaria de publicidade dunha das empresas máis importantes do mundo? Pode resistirse alguén?

Xoves

XORNADA DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL A PROPIEDADE INTELECTUAL EN SOPORTE AUDIOVISUAL

10.30 a 11.00 h Sesión 1 Pedro Farré, director do gabinete de goberno corporativo SGAE
11.00 a 11.30 h Sesión 2 Representante produtoras
11.30 a 12.00 h Sesión 3 Juan Calderón Ecija Avogados
12.00 a 12.30 h Inauguración Oficial do Salón
12.30 a 13.00 h Sesión 4 Director xeral de Comunicación Audiovisual Xunta
13.00 a 14.15 h Debate Charla e coloquio con profesionais

PRIMEIRA SESIÓN DO PRIMEIRO CONGRESO DA PUBLICIDADE (CLUB DO EXPOSITOR)

A publicidade que vén: advertainment e advergaming
11.00 a 12.00 h Sesión única. Pablo Muñoz. Presidente de AEMPE

PRESENTACIÓN DO ANUARIO CREATIVIDADE GALEGA

13.30 h Sesión única: Enrique Varela, dir. de Mírate e Jesús Seoane, autor do anuario

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (NO PLATÓ)

Calidade e rendibilidade na fotografía dixital
10.00 a 14.00 h. Curso primeiro. Javier Agueda. Canon España.

XORNADA DE MARKETING-VENDAS

Marketing para profesionais da comunicación e empresarios
16.30 a 18.00 Relatores: Francisco Álvarez e Jesús Negreira, profesores de Dirección Comercial e Marketing na Escola de Negocios de Caixanova

SEGUNDA SESIÓN DO PRIMEIRO CONGRESO DE PUBLICIDADE

A publicidade e o sexo
19.00 a 20.30 Relator: Agustín Medina

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (NO PLATÓ)

Iluminación profesional no retrato
16.30 a 19.30 h Curso 1º, con Enrique Touriño e Lalo Villar, fotógrafos profesionais

Venres

APPLE ESPAÑA PRESENTACIÓN DO SOFTWARE APPERTURE

10.00 a 12.15 h Relator: Jaime Ares, representante de AS Computer

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (NO PLATÓ)

Iluminación profesional no retrato
12.30 a 14.30 Curso 2º. Enrique Touriño e Lalo Villar

CONFERENCIA SOBRE COMUNICACIÓN

Comunicación de crise: cando a reputación está en xogo
12.30 a 14.30 h Relator: Miguel López-Quesada, director CEO Spain Weber Shandwick

VIDEOCREACIÓN, CINE E SPOTS

Mostra permanente de traballos de licenciados en Publicidade, Comunicación Audiovisual e Belas Artes

XORNADA INTERNET/ MULTIMEDIA

Flash Empresarial: Aplicacións, Comunicacións e Contidos
16.30 a 18.00 Con Enrique Duvós, de Adobe-Macromedia

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (NO PLATÓ)

16.30 a 19.30 Iluminación profesional no bodegón publicitario

CHARLAS E PRESENTACIÓNS

Impartiranse charlas a cargo de profesionais dos sectores de Mírate e amosarase UVIGOTV, a televisión universitaria que se emite a través de Internet

Sábado

XORNADA DE ARTES GRÁFICAS

Influencia dos aditivos de mollado nos problemas de impresión Offset
11.00 a 11.30 h Sesión 1 Juan Emilio Rey, director de Böttcher Ibérica
Monográfico de tintas de impresión: fabricación e características técnicas
12.00 a 12.30 h Sesión 2, José Francisco Ferreiróns, director vendas de Sakata
A personalización na comunicación corporativa
13.00 a 13.30 h Sesión 3 Anibal Ribeiro, enxeñeiro papeleiro (Portucel/Soportel)

SESIÓN PUBLICIDADE

A publicidade como espectáculo
17.30 a 18.30 h Curso 1º Jorge Gómez Monroy, director de Qué Idea en Localia TV

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA PARA NON PROFESIONAIS

Introdución á iluminación fotográfica
17.30 a 18.30 h Curso 1º Enrique Touriño e Lalo Villar

Domingo

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA PARA NON PROFESIONAIS

Introdución á iluminación fotográfica
10.30 a 13.30 h Curso 1º Con Enrique Touriño e Lalo Villar

Mírate por puntos

(TODOS AQUELES DETALLES INTERESANTES DE ÚLTIMA HORA QUE DEBEMOS SABER DESTE SALÓN E POLOS QUE, SE CADRA, NON TEMOS OCASIÓN DE PREGUNTAR)

• Mírate 2006 vai orientada a profesionais da imaxe e da comunicación, pero anímase a participar a tódalas persoas de Galiza e Norte de Portugal que algunha vez tiveron entre mans un proxecto de publicidade, ou pensan telo, ou quixeran telo.

• Celébrase entre o 26 e o 29 de xaneiro no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI). Divídese en dúas metades. Os dous primeiros días van dedicados exclusivamente ós profesionais, e os restantes (fin de semana) a eles e tamén ó público en xeral. Será, a partir do sábado pola mañá, "a gran festa da imaxe a da comunicación".

• O salón contará cun mestre de cerimonias "moi especial". Trátase dun personaxe virtual que presentará a xuntanza ós asistentes, e incluso ten nome: chámase *Jules*. É un desenvolvemento da empresa Mediterrania. Que ninguén se asuste ó velo!

• A Consellería de Traballo da Xunta e Mírate queren traballar no encontro a prol dos novos creadores. Con este fin, habilitan un *stand* para que mozos e mozas acabados de saír das facultades e profesionais en paro poidan presentar as súas ideas e proxectos. É importante sinalar que perante eles terán ós que toman as decisións de tipo laboral no sector da publicidade.

• Con motivo do Día da Publicidade vaise celebrar un congreso, no marco de Mírate, organizado pola Asociación de Axencias de Publicidade de Pontevedra.

• Presentarase o Anuario da Creatividade Galega, un resumo do mellor do deseño publicitario en Galiza ó longo dos últimos doce meses, editado por Mírate. Na súa elaboración participaron Xesús Pérez Seoane, Eva Quintas e Alberto Dafonte.

• O Club de Creativos CdC presentará en Mírate a súa exposición sobre as mellores creacións publicitarias en España.

• Celebraranse obradoiros de fotografía, para expertos, afeccionados ou principiantes, ó longo das catro xornadas do salón.

• Os principais medios de comunicación disporán de espazos propios nos que lle tomarán o pulso á prensa e a comunicación nun momento que, a xuízo de Mírate, é de verdadeiro crecemento, sobre todo agora que as novas tecnoloxías cambian para sempre o noso xeito de coñecer o que ocorre no mundo.

• Un dos *stands* máis amplos de Mírate vai ser o que ocupe a Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia. O seu posto será punto de encontro para os seus membros e para os profesionais dos diferentes eidos empresariais que se darán cita no salón.

Adeus ás vellas interferencias

Coa chegada da televisión dixital, acabouse o de perder o tempo orientando antenas na procura dun bo sinal... entre outras vantaxes

A televisión dixital é hoxe en día un feixe de incógnitas, aínda que nos custe recoñecelo. Mesmo chegamos ó extremo de non preguntar como se pode ver, canto custa e en que consiste, por medo a que nos veña unha desas persoas que sabe moito de tecnoloxía e nos poña en evidencia. Este artigo que ofrecemos aquí é unha especie de guía básica ou manual para poder meter baza nunha conversa sobre estas cuestións. Son preguntas que todos nos fixemos, mesmo aqueles que aparentan teren moitos coñecementos. A fin de contas ninguén naceu sabido, e coa cuestión da televisión, o obxecto sagrado de case tódolos fogares, non se xoga. Aquí van unhas cantas chaves: a dixital vaise ver mellor, vaise escoitar mellor, vai ofrecer moitas máis canles e (o mellor de todo) vai ser primordialmente de balde. Tomade nota do que incluímos a continuación, que xa é hora de irse despedindo das nosas vellas compañeiras de toda a vida, as interferencias.

televisión digital terrestre

REDACCIÓN

Que é a Televisión Dixital? Por que nos afecta? Vai supor unha molestia?

Coa televisión dixital ocorre estes días como cos novos estatutos autonómicos. Todo o mundo fala deles pero moi poucos saben de verdade en que consisten. A este redactor (que conta estas cousas) pasáballe xusto o mesmo, e calaba cando lle preguntaban, porque o silencio non o poñía en evidencia, até que se lle ocorreu unha idea tan simple como eficaz: preguntarlle a alguén con experiencia. Na pasada edición de GaliciaTic veu en Fernando Pardo, especialista en Televisión Dixital Terrestre, a oportunidade que buscaba. Colleuno do brazo e, coa escusa de informar ós lectores desinformados fíxolle a delicada pregunta, case en voz baixa: "En que consiste exactamente a televisión dixital?" Pardo, quen tivo toda paciencia que se pode ter cun redactor dunha revista tecnolóxica que ten lagoas de coñecemento, contestou desta maneira: todo é dixital.

Todo?, respondeu o redactor.

E Pardo proseguiu: "Todo está a ser un conxunto de ceros e uns, e todo pode ir, en virtude disto, pola mesma rede: voz, Internet e televisión. É o que coñecemos como xogador triplo". Foi nese intre cando Pardo lembroulle a Código Cero o caso de Telefónica, que xa ofrece dende hai tempo televisión e Internet a través do seu servizo Imagenio. Pensar, polo tanto, en Imagenio é un bo principio para comprender en que consiste a televisión dixital e que pode achegar ó nivel de penetración da era da información nos fogares españois. A xuízo de Pardo, estamos xa entrando nunha situación na que as empresas que dan Internet van achegar televisión e, seguindo esta lóxica, as que dan televisión van proporcionar tamén servizos de rede da información.

Todo se confunde, en aparencia, pero o que se busca é máis claridade, entendendo por claridade a converxencia. Ou non deixa de ser lóxico que todo o que chega ós nosos fogares chegue polas mesmas canles? Como apéndice deste apartado, e para complicar aínda máis as cousas, cómpre dicir que a televisión dixital chega pola infraestrutura de redes de Telefónica, polo cable de R pero tamén chegará polo aire. Así, será máis doado de ver cómo se utilizan dispositivos móbiles como PDAs ou móbiles para a televisión.

Vainos saturar tanta información? E se o exceso de cadeas pode con nós?

É un risco serio, digno de ter en conta, o de saturarnos con tanta información, e os especialistas sobre o tema non se acaban de poñer de acordo. O exceso de cadeas dá algo de medo, e é case unha sensación semellante á vertixe ás alturas, ou se cadra á da inseguridade de non saber se estamos ou non na festa axeitada. Xosé Luís Barreiro Rivas, catedrático de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago, reflexionou nas Xornadas de Comunicación Social de Galicia sobre este tema e outros semellantes. Ó seu xuízo, vivimos nunha era, a da información, que en ocasións pode levar consigo tantos perigos como vivir na ignorancia total. Isto é aplicable a Internet pero tamén á televisión, que amplía agora o menú de pratos e viños até límites que nin se sospeitaban. E continuou: "Neste intre a luz é tan intensa e o exceso

de información pode ser tan nefasto para o desenvolvemento, que aínda se incrementa máis o descoñecemento có coñecemento". No outro extremo sitúanse persoeiros como Fernando Pardo, congresista e experto en televisión dixital (estivo en Santiago no congreso GaliciaTic) quen puxo como exemplo a conduta das persoas que visitan con frecuencia as librarías: "Cando imos a un destes lugares", comentou, "e vemos centos de libros nos andeis non nos vemos saturados pola información posible e a que está ó noso alcance. Eliximos o que queremos e non hai máis problema. Con esta nova tele que vén, acontecerá o mesmo".

É verdade que a Sociedade da Información chega agora pola tele?

Se Internet non convence, sempre queda a televisión. Internet provoca aínda algúns arrepíos, sobre todo ás persoas de máis idade, ou de menos coñecementos tecnolóxicos, pero o que non dá medo a ninguén (que se saiba) é a televisión. É por aí por onde moita xente que até o de agora ficou á marxe da Sociedade do Coñecemento pode tomar contacto co amplo abano de servizos, ferramentas e aplicacións que esta achega. E todo isto, grazas á Televisión Dixital Terrestre, TDT, da que tanto se está a falar nos últimos días e que vai chegar, de xeito irremediable, a tódolos fogares de Galiza, por moito que algúns

se resistan ó cambio. Porque, non nos enganemos, todos nós seguiremos a ser tan gloriosa ou tan escasamente intelixentes como sempre, con todo os nosos televisores evolucionan. Coma se fosen durante unha tempada a un obradoiro de reconstrución e multiplicasen o abano de funcións por 1.000. Poderemos seguir vendo a tele de sempre, no caso de ser do tipo conservador, ou teremos a opción de converternos nós mesmos, no salón da nosa casa, nun medio informativo. Para comezar, cómpre ir esquecéndose do termo "televisor". Agora chega a denominación "plataforma multimedia do fogar".

Oportunidade para o sector tecnolóxico español?

A chegada da Televisión Dixital Terrestre (TDT), segundo Enter Press, é algo máis ca un simple cambio tecnolóxico. Serán catro anos, até 2010 (data na que chega o apagón analóxico, o que significa que non quedará máis remedio que pasarse ó dixital), que o sector tecnolóxico español debe aproveitar para cubrir a propia demanda do país no que se refire a equipos e servizos. A chave, como en tantas outras cousas do mercado, é ofrecer o que os cidadáns precisan. Segundo se puído comproba-los días pasados, xa hai un bo número de empresas de telecomunicacións que ven a chegada de TDT como auga no deserto. O Nadal tamén axuda, por suposto. De acordo con Enter Press, a TDT vai posibilitar unha mellor utilización dun ben que non abonda, precisamente: o espazo radioeléctrico, abrindo as portas para a concorrencia dun meirande número de axentes, un incremento da oferta e unha maior pluralidade. A previsión é que á fin do proceso de extensión da cobertura, o país acade unha cifra de preto de mil estacións de televisión

Que temos que facer para ver a TDT?

Neste intre, o trasfego e difusión da TDT abrangue xa unha cobertura de máis do 80% do territorio español, e calcúlase que antes de 2010, data prevista para o apagón analóxico, se chegue á totalidade do país. No entretanto, tal e como sinala Enter Press, o eido máis deficitario que se rexistra neste intre é o da capacidade de recepción. Dito doutro xeito: moi poucos de nós, os consumidores de produtos televisivos, temos todo o equipo necesario para recibi-la TDT cos brazos abertos nos nosos fogares. O mercado aínda non semella maduro no que se refire a difusión de dispositivos a bos prezos, integrados ó aparello receptor ou *engadibles* con posterioridade. E non hai que esquecer, asemade, que moitas das antenas que abrollan dos nosos tellados non están habilitadas para recibi-lo sinal da TDT. Estímase que as instalacións de tipo colectivo (as individuais non precisan adaptación) anteriores a 1998 precisan de adaptadores, ou sexa, amplificadores de banda ancha. É dicir, que a TDT recíbese nas nosas casas polas antenas de toda a vida, pero hai que poñer un receptor en caso de que a compartamos co resto dos veciños. Se non o poñemos, xa podemos merca-la mellor tele do mercado que de pouco servirá te-lo aparello aceso ou apagado virá a beneficiarnos na mesma medida (ou sexa, nada). Isto no que se refire ás antenas. Logo están os receptores que se incorporan ó televisor (no caso que non veña xa de fábrica incorporado, por tratarse de novo). Neste momento, existen varios tipos de receptores:

· O dixital externo, Set-Top Box, que se conecta no televisor analóxico de toda vida a través do euroconector.

· O dixital integrado (IDTV), que xa está feito para que poidamos recibi-los dous tipos de sinal, o analóxico e o dixital.

Dentro destes dous tipos principais, hai un amplo abano de posibilidades. Os básicos xa nos permiten gozar de tódalas canles de TDT que haxa de balde. Ademais, inclúen un navegador para axudarnos a ve-lo que hai dispoñible e elixir o que máis nos guste. Son buscas doadas de levar a cabo, que se axeitan ós nosos gustos persoais. Pola contra, os aparellos receptores máis completos (e máis caros), veñen coas mesmas funcións cós básicos pero posibilitannos para unha interactividade de maior envergadura. Para rematar este apartado, cómpre falar diso que máis nos importa: os prezos. Pois ben, o normal é que os receptores oscilen entre os 50 (os máis básicos) e os 100 euros.

Que ten a televisión dixital que non teña a miña televisión de toda a vida?

Para comezar, a dixital (a de agora), ten máis calidade de imaxe e son cá de toda a vida, a analóxica. Ademais, inclúe as vantaxes da interactividade. É dicir, que nós somos os que levamos o control da situación, e non o aparello televisor. Ou sexa, que poderemos ve-lo programa que nos gusta cando nos veña en gaña, sen ter que seguir de preto os horarios fixos de programación. Nós mesmos seremos os nosos propios programadores. Loxicamente, poderemos recibir máis canles e elixir o que máis se axeite ós nosos gustos. Non haberá interferencias, e as máquinas que se poñan en marcha no fogar propio ou colindantes (a *exprimidora*, o secador) non afectarán ó visionado. Dirémoslle adeus, polo tanto, ós cornos da televisión, un dos aparellos menos estéticos que se teñen inventando endexamais, con perdón das caixas-máquinas que queiman insectos facendo uso da luz, moi estendidas, por outra banda, en toda Galiza. Ao fin, coa televisión dixital poderémoslle sacar punta ós televisores con pantalla panorámica (16/9), posto que serán moitos os contidos que se ofrezan neste formato. E, ó igual có DVD, porase á disposición dos usuarios a posibilidade de ouvir os filmes en múltiples idiomas. É mester sinalar que no momento en que redactabamos este artigo, había xa unha oferta de 26 cadeas en activo, e a previsión é a que medre sen parada.

Podemos seguir usando o vídeo e o DVD como ata o de agora?

Por que non? Antes e despois do apagón analóxico, as funcións destes aparellos seguirán estando operativas, coa vantaxe de poder gravar programas e películas con meirande calidade de imaxe e son. Polo tanto, podemos seguir vendo cintas e DVDs, gravar e programar con máis facilidades. Así e todo, non se poderá gravar co vídeo unha canle de TDT se estamos vendo outra. Teremos que ve-lo que estamos a gravar, e non haberá outra alternativa (a non ser que incorporemos máis equipo de gravación.

Como lle senta o Nadal ós equipos de TDT?

A tecnoloxía fai que os diferentes Nadais nunca sexan os mesmos. Para que se entenda: é tal a capacidade de innovación e de sorpresa que teñen hoxe en día os aparellos da era do coñecemento que case nin sequera nos é posible soñar co produto estrela destas datas o vindeiro ano. Así, o ano pasado, todo era unha petición xeralizada de reprodutores de mp3, cámaras dixitais e DVDs, mais agora aparece un novo produto: o sintonizador ou receptor para a Televisión Dixital Terrestre, un aparello que custa cartos (non se pode negar) pero que permite acceder a múltiples canles variadas que, ademais de posuír máis calidade de imaxe e son cás convencionais, son (tamén) de balde, polo menos a maioría. Non hai máis que acudir a calquera establecemento de electrodomésticos da nosa cidade para comprobar que a demanda sube, aínda que sexa a un ritmo abondo lento. Segundo estudos da Asociación de Empresas de Electrónica e Comunicacións (ASIMELEC), haberá máis de 850.000 fogares conectados a TDT a principios do ano 2006.

Hazruido.com:

o concurso web que mide quen arma máis rebumbio en Internet

F. SARASQUETE

O ruído en Internet mídese pola repercusión mediática. É dicir, o ruído é ver quen bota unha pedra a unha poza e provoca a meirande cantidade de ondas. E a tarefa non é doada, tendo en conta que hai que abrirse camiño entre millóns de sitios, entre páxinas webs convencionais e bitácoras, que teñen capacidade para facer tanto ruído coma ti. O ruído é, polo tanto, meterse nunha multitude e escoitar, de entre tódalas voces, unha. Nesta tarefa tan complexa, hai xente que che axuda. Como por exemplo os creadores de Hazruido.com, unha iniciativa que apenas precisa que a presentemos (o seu nome é significativo abondo) con todo ímola presentar do seguinte xeito: este proxecto de Alianzo e Dirson, baseado nas estratexias de *marketing* viral, consiste nunha especie de concurso por ver quen arma máis rebumbio en Internet no menor tempo posible. O ruído creado polo internauta, ademais, transmitirase do mesmo xeito ca un andazo,mais neste caso tecnolóxico (de usuario a usuario); de aí o do termo "marketing viral". Coma unha infección de coñecemento. O abano de técnicas desta web complétase coas seguintes propostas:

· Crear algo que sexa moi rechamante pola súa relación coa actualidade, pero que teña aparencia de realismo. Un exemplo disto, din os responsables do sitio, é Emancipator, un invento ficticio para que os mozos poidan despedirse do vínculo ó fogar paterno.

· Crear algo que faga rir, algo que a xente comece a ler e non poida parar; o típico que descobres e xa estás desexando compartir a través do correo electrónico cos contactos. Aí é onde radica o éxito, no potencial do "invento" para que sexa enviado dunha banda a outra. Un exemplo disto, sinala Alianzo, é a "gaseosa Crus del Gorbea" ou o "Seat makinero", dúas supostas iniciativas de publicidade que foron postas en marcha polo pracer de poñelas, máis nada.

consiste nunha especie de concurso por ver quen arma máis rebumbio en Internet no menor tempo posible.

· Facer que a mensaxe se manteña de e-mail en e-mail até acadar (por que non?) o efecto *boomerang*, e recibir ti mesmo a mensaxe na botella que unha vez enviaches. É o mecanismo das grandes campañas de publicidade na televisión. Ou tamén o alicerce da cadea de sms que seguiron ós atentados do 11M, que tiveron tanta forza que hai quen di (?) que cambiaron o rumbo político e histórico do país.

MEME

Estraña palabra para un fenómeno novo, pero non tanto. En realidade, todo o que xira arredor de Hazruido.com xa existía antes de Internet, só que con Internet todo adquire (precisamente) decibelios. Todo se magnifica, en ocasións de xeito intrincado de máis. Un *meme* é sinónimo de éxito. Significa difusión e extensión inmediata dunha mensaxe. Pode ademais converterse en sona para un individuo, mencións para unha marca ou popularidade dunha cuestión. Din Alianzo e Dirson que cando tecleamos "Google" no computador somos vítimas (no bo sentido da palabra, claro) dun *meme* en toda regra. Trátase de facer que os usuarios falen da empresa que lles empresta o servizo e llela recomenden ós seus amigos.

QUE DECIDE QUEN GAÑA E QUEN PERDA?

Non hai que esquecer que Hazruido.com é un concurso e que, como tal, inclúe unha serie de parámetros que axudan a decidir quen gaña e quen non. Os parámetros son:

· Maior rexistro de visitas durante os días do concurso, para o que se avalían os rexistros do servidor

· Meirande cantidade de ligazóns en Technorati, un servizo medidor de blogs, que fixa o número de bitácoras que ligan a unha páxina web en concreto

· Meirande posición no *ranking* de Alexa, que é un servizo de Amazon que avalía, dende fóra, o tránsito dun *site* mediante as barras habilitadas nos navegadores polos internautas.

O SUPOSTO BLOG DA INFANTA LEONOR, PUNTO DE PARTIDA DO CONCURSO

Facer ruído en Internet non se basea en leva-la contraria á maioría. Baséase, máis ben, en facer iso que a todos lles gustaría facer e adiantarse. O punto de partida, en ocasións, é coller algo que estea de plena actualidade e reflexionar niso, ollándoo dende tódolos puntos de vista posibles. Por exemplo: se sabemos que todo o mundo quere saber cousas da nena de máis sona deste país, a infanta Leonor, non sería, polo tanto, unha boa idea montarlle unha bitácora? Esta é a base deste blog, leonordeborbon.blogspot.com, un suposto diario persoal que serviu, asemade, de experimento para probar que o que vale para o éxito dunha iniciativa simpática, vale tamén para unha empresa (ás veces unha cousa remata na outra, sendo certamente terrible cando se dá o caso contrario).

Non sería comezar con bo pé nos negocios que o teu sitio na Rede recibise unhas 10.000 visitas ó día? Detrás desta bitácora esta a firma Alianzo, especializada en publicidade en Internet e *marketing* viral. Unha estratexia que se basea en cultivar pouco pero ben, e colleitar moito, aproveitando que as persoas teñen orellas e boca, e que agora tamén contan con extremidades engadidas como: a pantalla do computador, o PC e o teclado. Ou sexa, que se trata de chegar no intre máis oportuno (neste caso, o nacemento da infanta), habilitar un blog e presentalo a unha serie de contactos. A partir de aí, todo se basea na teoría probada de que sempre queremos se-los primeiros en dar a coñecer algo interesante. Logo, semella non importar moito que o blog en cuestión, se teña quedado no terceiro día da vida da infanta (e o resto?), e que sexa, máis ben, pobre en contidos e propostas: o "ruído" xa está feito. A razón deste "experimento", segundo Alianzo e Dirsom, é comprobar até que punto funciona o *marketing* ben administrado, sobre todo, no eido das empresas. O blog da infanta serve de exemplo para entender en que consiste o concurso Hazruido.com, que alenta ós internautas do país a levar a cabo iniciativas semellantes e facerse co premio do certame.

Música e independencia: as mellores webs do panorama "indie"

Comezamos 2006 cunha nova sección dedicada á estraña e polémica interrelación entre Internet e a industria musical

RÚBEN G. PEDRERO

Malia que a industria musical pense que Internet é sinónimo de pirataría, de crises e de apocalipses, non todos opinan así. É certo que os programas de descargas P2P teñen desencadeado problemas abondo ás discográficas, mais tamén é certo que, se se tiveran adiantado ó fenómeno das descargas ilegais con medidas e accións que favoreceran ó comprender habitual de música, o dano tería sido moito menor.

De tódolos xeitos, non todos pensan desta maneira, e non hai dúbida de que Internet tamén é unha canle de comunicación e promoción espectacular. Nos vindeiros números de Código falaremos de tendas virtuais, páxinas oficiais de grupos, *fanzines* electrónicos, blogs, boletíns de novas ou portais, e cando se achegue o verán voltaremos a lembrar os mellores festivais a través das súas páxinas webs. Pero neste número, o primeiro de 2006, imos facer un repaso polas mellores discográficas independentes nacionais.

Tras avaliar moreas de sitios, chegamos a tres conclusións fundamentais:

· Afortunadamente emprégase menos o Flash

· As discográficas independentes non teñen nada que envexar ás multinacionais malia contar con orzamentos infinitamente menores.

· Por último, unha crítica. A actualización de datos, sobre todo no que se refire a xiras, deixa moito que desexar. Sen máis tardanza, pasamos ó realmente importante.

Subterfuge Records é unha das discográficas independentes máis importantes da industria española. Ademais, foi unha das primeiras en apostar por Internet como o futuro. Iso amósase na súa páxina web, remodelada hai ben pouco, e malia que ten perdido en deseño e innovación ten gañado en funcionalidade e sinxeleza. En Suterfuge.com, podes atopar todo o que rodea a este selo madrileño: fotos, tenda, información, vídeos, radio, recortes de prensa, axenda de concertos e incluso venda de cancións e tons para o móbil a través de mensaxes de texto ou tarxeta de crédito. Máis información en www.subterfuge.com.

De case perfecta poderíamos definir a páxina de Houston Party. Con este proxecto, amósase que é posible conxugar deseño, funcionalidade, estética e amplitude de contidos. Unicamente lle atopamos un "pero", e é que botamos en falla a posibilidade de visualizar videoclips dos diferentes grupos que constitúen o selo. Para máis información, consultor www.houstonpartyrecords.com.

Igualmente espléndida, aínda que cun deseño máis básico, é www.boa.es, discográfica e distribuidora que abrangue diferentes estilos que van do *hip-hop* ao flamenco, pasando polo rock ou a música celta de Budiño.Gran sinxeleza e perfecta distribución de contidos. Iso si, está en fase de construción a posibilidade de baixar música e vídeos.

A discográfica pop por excelencia, Elefant Records (www.elefant.com), amosa iso precisamente no seu *site*, puro colorido pop cun deseño no que se pode ver, de xeito doado, cal é a súa filosofía. Todo iso, sen perder apenas sinxeleza nin información. Filosofía é o que vende Jabalina. En www.jabalinamusica.com atoparás información, simplicidade e unha sección denominada "poplinks" que é unha auténtica marabilla. Pero o máis orixinal é o seu deseño, xa que cambia segundo a estación do ano no que a visites. A coidada e lene música deste selo vese reflectida no seu espazo virtual.



Moi semellante é a fórmula de Acuarela (www.acuareladiscos.com). Moderada, sen alardes técnicos, pero caótica abondo. Aínda así, só polo seu catálogo musical, paga a pena visitala.

Como tamén paga a pena visitar www.bcoredisc.com. A firma catalá, referente do rock español máis intenso e emocional, ten unha páxina efectiva, sobria e que é salientable por enriba de outras precisamente por un motivo: o seu apartado dedicado á prensa. Se es un profesional que desenvolve o seu labor na prensa especializada, atoparás o que precises sobre tódalas bandas de B Core.



Isto é un simple repaso e un pequeno bosquexo, xa que hai moitas discográficas do eido independente, moi interesantes algunhas, tanto polos seus espazos virtuais como polos seus catálogos.

É o caso das seguintes, por citar unhas cantas:

www.grabacionesenelmar.com
www.bittersweetrecordings.com
www.mushroompillow.com
www.austrohungaro.com

E que ocorre coas discográficas galegas? Pois ben, a verdade é que teñen moitísimo que mellorar, xa que, como se pode comprobar ó visitar as súas páxinas, de momento non deron o paso á promoción en Internet, malia o peso e a importancia que merecen. É preciso reflexionar e te-la idea clara de que a calidade non está rifada cos orzamentos, e que, cada vez máis, é importante posuír un bo *site*, feito esencial, sobre todo se inclúe unha tenda onde dar saída ós produtos, algo imprescindible a día de hoxe.

Rubén G. Pedrero é director e presentador de Pase Vip, programa musical que emite Código TV de luns a venres ás 21.00 horas.
pasevip@codigotv.com

Os “greatest hits 2005” da ciencia doméstica

Chega un ano novo e miramos atrás cara os inventos tecnolóxicos que máis pegada deixaron no mundo

Chega un novo ano e, como sempre, espállase como un andazo o costume de mirar cara atrás para facer reconto. Con isto, córrese o risco de facer recompilacións do malo, de esforzos que non pagaron a pena ou de decisións políticas que non nos agradaron. Hai que ter en conta que non pasou tempo abondo como para que as cousas realmente boas prevalecesen sobre as negativas e, o Nadal, malia ser unha época de fraternidade, pode contribuír a que todo nos pareza peor do que en realidade é, e nin sequera desa visión nos salvan as reunións en familia. Así que, como terapia construtiva para un xantar familiar de alto risco, propoñemos en Código Cero mirar cara atrás, si, pero a todo o que deu de si 2005 en inventos e desenvolvementos máis ou menos tecnolóxicos. Polo menos, pode ser motivo de sorriso saber que hai alguén que inventou un espertador que fuxe de nós cando queremos apagalo. Ou que hai persoas que invisten o seu tempo e esforzos en crear un sistema para escorrentar fotógrafos de famosos.

REDACCIÓN

Os inventos e solucións tecnolóxicas innovadoras que se desenvolven ó longo dun ano cóntanse por milleiros. Algúns (os menos) saen nos medios de comunicacións e moi poucos reciben algún tipo de recoñecemento real. A gran maioría non van máis alá dun comentario en bitácoras persoais, e, se teñen sorte, aparecen logo en webs humorísticas que recompilan as creacións máis curiosas do ser humano, como por exemplo aquela xa mítica máquina que servía para endereitar plátanos, co fin de facilitar a súa almacenaxe nos camións e nos barcos. Que é o que distingue un invento bo dun malo? En moitas ocasións, os criterios a seguir son difíciles de atopar, pero se cadra non estaría mal comezar polos seguintes: un invento bo ten que ser, ante todo, práctico, debe ser útil para a meirande cantidade de xente (sobre todo a máis desfavorecida), debe ser respectuoso coa natureza (este punto é cada vez máis importante) e, por último e non menos importante, debe ser algo que ninguén deseñou endexamais e que nos faga, nada máis velo, dicir o seguinte: “Por que non se me ocorrería a min antes inventar isto?”

New York Times, *the best of...*

Internet é unha fonte de investigación de primeira orde para iniciar as pescudas sobre os mellores desenvolvementos do ano. Estes días, a maior parte das operacións levan ó usuario directamente ó xornal The New York Times. Esta publicación dá a coñecer cada ano un informe elaborado por ducias de xornalistas que rastrexa polo miúdo e recompila as mellores ideas do ano. Algunhas delas son moi sorprendentes e outras máis modestas, fan menos ruído nos medios. Entre as primeiras atopamos o **Flash Antipaparazzi**, un sistema que, como o seu propio nome indica, vai encamiñado a escorrentar fotógrafos de famosos. O seu modo de emprego? Moi sinxelo: trátase dunha fonte de luz que se coloca en locais públicos e que se pon en funcionamento de xeito instantáneo para estraga-las fotografías. Tamén se fala neste informe do espertador **Clocky**, un curioso aparello que, como tódolos espertadores do mercado provoca máis carraxe que afectos e que, a maiores, pode chegar a ser dobremente odioso. Tendo en conta que na condición do espertador vai implícita a súa capacidade para recibir golpes, que podemos facer con un aparello que ten capacidade para fuxir de nós? (Non cabe dúbida de que é un invento que favorece a integridade física do espertador). The NYT tamén fai mención a outro artefacto que podería se-la solución para acadar máis niveis de harmonía nos fogares de todo o mundo onde vive máis dunha persoa habendo só un único televisor. Sobre todo, se temos en conta que un dos principais motivos de discordia nas familias é a posesión e dominio do mando a distancia, de aí que a The New York Times lle parecera un invento magnífico o televisor para parellas enfrontadas, no que se poden ver canles distintas dependendo do ángulo de visión seleccionado (non se especifican os graos dese ángulo de visión, podendo ser interesante saber até que punto se ten que afastar a parella para chegar a un nivel óptimo de concordia… se cadra é peor o remedio cá doenza, ou non?).

A SELECCIÓN DE TIME

Outra das investigacións que máis interese espertan estes días é a da revista Time, onde se fai un reconto do mellor do mellorciño de 2005, mais posiblemente dende unha óptica máis rigorosa, tendo en conta criterios como as vantaxes á sociedade enteira e, máis concretamente, a persoas con discapacidades físicas e/ou que viven na pobreza. Dáselle, polo tanto, máis importancia ó elemento social. Non é este, precisamente, o caso do primeiro dos inventos da listaxe elaborada pola revista, a roda sen aire, de nome **Tweel**, desenvolvida por Michelin, esta presenta unha estrutura novidosa, con raios de poliuretano que reparten a presión e que acada altos niveis de resistencia ós golpes.

Esta roda está artellada en alumino e non precisa de aire.

Outro dos desenvolvementos máis destacados (no número dous) é **a motocicleta ENV**, que corre con hidróxeno, podendo chegar ás 50 millas por hora. O problema deste vehículo, que require un gasto de catro dólares para percorrer 160 quilómetros (non moito), é o de tódolos vehículos que funcionan con enerxías alternativas. Ou sexa, que pobres de nós se pasamos por unha das moitas gasolineiras que

hai en Galiza para pedir que nos poñan dez euros de hidróxeno.

Entre os mellor clasificados tamén atopamos un deseño innovador de Toyota, unha desas marcas que habitualmente aparece en case tódolos macroencontros que tratan de ofrecer xanelas á tecnoloxía automobilística do futuro, sempre cunha colección de homes orientais en bata branca, amosando ós medios o produto dos seus esforzos. Trátase do **i-unit**, vehículo que foi concibido e presentado como unha prolongación do corpo humano, con catro rodas, e que semella material feito para *Minority Report*, máis saído (en aparencia) da cabeza dun debuxante de cómics cá dun científico. Corre con baterías de litio e (atención ó detalle) se por casualidade (e oxalá non sexa así) vai parar a mans dun usuario pouco escrupuloso que decide desfacerse del lonxe da cidade, acabaría por formar parte da natureza sen causar grandes problemas, posto que os seus compoñentes son biodegradables. Acada as 25 millas por hora.

A revista Time tamén fai mención especial da **Smart Rope**, de Squid Labs, un deseño que, ademais de ser innovador, está feito para facer máis sinxelo e seguro o día a día dalgunhas empresas onde se requiren grandes doses de esforzo físico. Trátase dunha corda que pensa. Dito doutra maneira: estamos a falar dunha corda que é quen de saber se o peso que ten que soportar é maior do aconsellable. Está deseñada con fibra e con certos compoñentes electrónicos que avalían peso, volume e densidade dos obxectos.

Asemade, Time tamén sitúa nun posto de honra o **Sleeptracker,** o

primeiro reloxo do mercado que ten consideración do durminte. É dicir, que non che esperta se estas no medio dun sono profundo. A revista, ademais reservou o título de descubrimento científico do ano a ***Snuppy***, can clonado coas técnicas da ovella *Dolly*, e deixa un apartado especial para o **Lifestraw**, un aparello que só custa tres dólares e que inclúe unha serie de filtros para purificar a auga contaminada. O sistema, indicado sobre todo para lugares do terceiro mundo onde non se ten acceso a auga potable, ou ben para situacións de catástrofe naturais como terremotos ou asolagamentos, podería evitar que cada ano morran milleiros de persoas por beber líquido en malas condicións.

PSP DE SONY, MELLOR CONSOLA

A Playstation Portable de Sony é fonte de boas novas, para os usuarios mais tamén (claro) para Sony, xa que foi elixida pola revista Time como un dos mellores produtos tecnolóxicos do ano, ó integrar de xeito tan sorprendente os seguintes factores: xogos, Wi-Fi, navegador web, super pantalla e peso reducido. O éxito da consola, malia levar pouco tempo no mercado, é innegable, e para deixar constancia disto a compañía nipona anunciou hai unhas semanas que xa superou a cifra de 10 millóns de unidades vendidas. A cifra pode sorprender se temos en conta que é a primeira incursión de Sony nas consolas portátiles, mercado liderado historicamente por Nintendo e as súas GameBoy. Pódese asegurar así que a PSP é o produto da gama PlayStation que se espallou máis rápido, especialmente en vendas, aínda que o seu catálogo de xogos tamén está moi ben dotado, cuns 183 títulos que xa andan próximos ós 20 millóns de unidades vendidas.

Repaso da (boa) colleita galega de 2005

REDACCIÓN

Galiza non é un foco de invención tecnolóxica de primeira orde, pero non porque non lle haxa imaxinación (o problema é outro, como a ausencia secular de tecido industrial que absorbese esa creatividade). Na memoria de todos, e non é preciso escarvar moito, aínda está vivo o recordo daquel lendario combustible natural feito con toxos e no que moitos depositamos certas esperanzas (se cadra nunca faladas a voz en berro) de cambiar o mundo. Así e todo, semella que a ilusión non esmorece, de aí que de cando en vez se descubran desenvolvementos como o da empresa Extrugasa, que se levou o premio ó mellor proxecto de I+D na feira Imaxinaria por unha plataforma mergullable que viría a substituír ás tradicionais bateas das nosas rías. Precisamente, esta feira que organiza FEXDEGA na súa sede en Vilagarcía, amósase dende hai anos como unha moi boa oportunidade para coñecer de primeira man o produto desa parte do cerebro humano (neste caso o galego) no que reside a capacidade de inventiva. Fagamos repaso, polo tanto, dalgunha desas gloriosas páxinas escritas polos "visionarios" de 2005:

- Na edición de 2005, o desenvolvemento da firma Extrugasa foi un dos que acaparou máis atención, sobre todo, polo que tería de aplicación práctica para un sector potente en Galiza: o do marisqueo. Trátase de plataformas mergullables, de estrutura metálica, para o cultivo de mariscos.
- Emilio F. García, de A Coruña, presentou un innovador sistema de guiado e acceso a pantaláns flotantes que recibiu a medalla de prata de Imaxinaria.
- A empresa da Coruña Autos Bao, (venda e reparación de automóbiles), desenvolveu un sistema para o rectificado de cabeza de cigüeñais (medalla de prata).
- A firma Inelsa, de Sanxenxo, presentou este ano en Imaxinaria un sistema redutor da gravidade nos accidentes de tráfico, de gran utilidade para minimizar, na medida do posible, as consecuencias dos (moitos) sinistros nas estradas (medalla de prata).
- Ramón González Louro, de Noia, fixo público un chaveiro clasificador.
- Rubén Darío, de Ourense, achegou o seu pincho-praia para coloca-lo parasol.
- Outro galego, Francisco Tovar, presentou un coitelo *lanzable* xiroscópico.

Para obter máis información, cómpre visitar www.fexdega.com.



UN BIBERÓN INTELIXENTE E UN SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO PARA AS GLORIETAS, PREMIOS INNOVACIÓN JUNIOR 2005

É posible imaxinar un biberón intelixente que adquira diferentes cores segundo o grao de temperatura? E un sistema para o control automático que evitase a elevada taxa de accidentes nas glorietas? Estes dous inventos, que foron dados a coñecer a principios de 2005, non foron desenvolvidos polos departamentos de I+D de grandes corporacións senón por dous mozos galegos que se presentaron á terceira edición do Premio Galicia Innovación Junior que convoca cada doce meses a Xunta, obtendo os primeiros en dúas categorías. Na modalidade de 12 a 15 anos destes premios, que se entregaron o 13 de maio na feira Imaxinaria de Vilagarcía, o galardón foi para Xosé Ramón Núñez Rego, responsable do "termobiberón". Este invento consiste nun frasco de vidro que incorpora no exterior do recipiente unha substancia non nociva que adquire distintas cores segundo o grao de temperatura. A novidade reside en que ofrece a temperatura exacta do leite grazas a un adhesivo incorporado que cumpre a función de termómetro. O outro primeiro premio deste certame foi dar ó ourensán Iván Miguel Pascual, pertencente á categoría de 16 a 18 anos, quen desenvolveu un sistema para o control automático do tráfico nas glorietas. O sistema vai orientado a palia-los moitos accidentes que se producen nestas intersecciónes motivados, sobre todo, polo exceso de velocidade dos vehículos. Así, o sistema prevé a división do círculo da glorieta en sectores para detectar, en cada un deles, a presenza dos vehículos –apunta para isto varias maneiras como son a detección fotoeléctrica ou a detección de presenza-. Seguidamente, a información recibida enviaríase a un sistema informático que almacenaría estes datos e que enviaría aos vehículos que nese intre se achegan á glorieta o sinal correspondente (informativo-preventivo ou imperativo), segundo o caso.

UN COCHE QUE CORRE CON ACEITE VEXETAL... EN SANTA COMBA

O petróleo afóganos. Como non emprestar atención a un proxecto privado que converte un automóbil de *gasoil* nun vehículo que funciona (agora, xa), con aceite de uso vexetal, novo ou usado? En realidade, tanto vale o de xirasol como o soia, colza, arroz ou millo. Aquilo que nos axuda a cociñar, tamén nos pode axudar a romper esa fita que nos une ós derivados do petróleo. Coñecimos esta iniciativa hai unhas semanas, vía o *webmaster* da páxina Autochovil, Manuel Amigo Ferreiro, responsable ademais deste invento, e recuperamos agora esta información, dado que foi do máis salientable do desenvolvido en Galiza ó longo do ano con axuda da imaxinación... e moita, moita paciencia.

Dicía unha vella campaña de publicidade que os mellores desenvolvementos danse, en ocasións, entre as catro paredes dun obradoiro/taller. Neste caso, non estamos a falar dunha opción a curto prazo para os derivados do petróleo, nin moito menos, pero si que falamos de algo a ter en conta para no futuro rebaixar a dependencia que temos cos mesmos. Así nolo fixo saber Manuel Amigo, *webmaster* de Autochovil e copropietario dun taller de automóbiles en Santa Comba (A Coruña), que foi precisamente o sitio onde se fixeron as modificacións para que un Wolksvagen Golf 1.9 diésel de 65 CV pasase de correr con *gasoil* a facelo con aceite de orixe vexetal. Para este proxecto, nado durante a procura de información para elaborar *biodiesel*, Amigo contou coa colaboración do seu pai, "*un mecánico da vella escola*". O resultado é un automóbil modificado que funciona cun combustible que, de non ser novo, precisa de filtrado.

Este proceso detállase polo miúdo na propia web, con imaxes incluídas, sendo moito menos complexo do que se pode pensar nun principio. De feito, a ferramenta principal é algo que, ó igual cós aceites, todos podemos atopar nalgún curruncho da nosa casa: uns pantalóns vaqueiros sen roturas. Os pasos a seguir son estes: "*Logo de coselo con dobre costura no xeonllo, pendúrase polo van e introdúcese a parte de abaixo nun recipiente. Despois, envórcase o aceite usado polo interior da prenda e xa tendes un filtro económico e eficaz que deixará o aceite listo para envorcar no depósito do coche*".



Así e todo, segundo nos fai saber Amigo, o aceite vexetal ten un problema importante como combustible que hai que ter en conta. Trátase da súa viscosidade e o moi sensible que é ás baixas temperaturas. "*Unha variación de cinco graos na temperatura ambiente ou dez graos pola noite fai que o motor teña problemas para arrincar, porque o aceite é denso de máis para chegar á bomba inxectora*". De tódolos xeitos, aí se acaban os problemas. Non hai máis, unha vez que se consegue que o combustible chegue ó motor á temperatura axeitada para que a súa fluidez sexa semellante á do *gasoil*, "*e isto é algo que un bo mecánico é quen de acadar*".

Que fixen eu para linquear isto?

Coches pintados a man

Nova entrega do noso exame mensual de webs infravaloradas



FERNANDO SARASQUETE/ CAROLINA CRUZ

OFRÉCESE NOIVO HTTP://STUDENTS.JUNIATA.EDU/RICKATS1/NATE/JAKE.HTM

Esta é unha desas propostas que non se sabe moi ben se van en serio ou non. Dito doutro xeito: é case imposible (a menos que te poñas en contacto co enderezo web que se inclúe) saber se a persoa que sae na fotografía deseñou a web plenamente consciente ou ben foron outros (os amigos) os que a perpetraron, querendo gastarlle unha broma pesada. O sitio é un prodixio de minimalismo. Hai unha foto do suposto *webmaster* e unha declaración de intencións, moi breve, na que o devandito internauta non se anda con brincadeiras: "*Veño de quedar sen moza, se queres se-la miña nova moza escríbeme aquí*". Para que a mensaxe quede o máis clara posible, a web incorpora a propia voz do protagonista, convidándote a poñerte en contacto el. Cando se fixo este artigo, a web ficaba aínda activa, polo que se pode deducir que non se acadou o éxito agardado.

É que as veces as mulleres son moi esixentes! Que máis queren, ademais de unha foto e un enderezo de correo electrónico?

CRIATURAS DOUTROS TEMPOS HTTP://WWW.MUSICWORLD.NET.AU/FRAME2.HTM

Hai webs que non se entende moi ben cómo perduran en Internet. Produtos doutros tempos, de cando ninguén sabía moi ben cómo facer unha páxina: había uns contidos e unhas imaxes, e era preciso distribuílos, mais non existían manuais ó respecto. Casos como o de Musicworld.net son ó deseño web o que o feísmo galego é á arquitectura. O usuario non pode deixar de marabillarse ante o que ten na pantalla, a combinación de azuis e negros, a desorde consciente, os logos cos bordes mastigados, as notas musicais pasando dunha beira a outra da pantalla. Que sobrevivan este tipo de páxinas aínda operativas é como abrir a porta dunha casa desleixada e atopar dentro a un familia. Ou mellor dito: como premer a tecla "rec" nun magnetófono e gravar unha psicofonía.

A CONTRAPELO HTTP://WWW.MUNEE.INFO/

Sen dúbida algunha, o máis estraño que temos visto en Internet dende hai moito tempo, un descubrimento que nos enche de inquedanza mais tamén de satisfacción (a satisfacción do cazador que se fai coa peza máis estraña, aquela que todo o mundo mira, polo que ten de distinta). Aí a tedes, Munee.info, olládea agora que aínda está activa, ocupando espazo

en Internet, reclamando o seu lugar nunha sociedade onde se peca en ocasións de seguir ó pé da letra as normas que outros escribiron. Dende logo non é ese o camiño que elixiron os responsables do Munee, xa que se inclinaron máis ben polo da aberración, por disfrazarse de cousa imposible de identificar, por torcer en dirección prohibida, como entrar nun funeral con botas de goma amarelas. A páxina é unha sucesión de díxitos, termos económicos e vursátiles e é imposible descubrir que servizos ofrece. A quen lle pode interesar esa información, con faltas de ortografía, abreviaturas que semellan parte dun código secreto que unicamente os usuarios entenden. Non hai concesión algunha ó visual. Todo é texto e máis texto, negro sobre verde, coma un discurso político, como a primeira proba desencriptada dunha mensaxe extraterrestre.

RECIBINDO ÁS VISITAS EN PIXAMA HTTP://WWW.IFAB.ORGS

Pode ser que pensedes que ten pouca importancia que a páxina web do Instituto Ferial de Albacete sexa unha desas páxinas que unha vez atopadas atraian a media equipo da oficina ao redor da pantalla dun computador facendo chistes e resoprando: pola música circense, os textos ilexibles, as ligazóns que son camiños cortados, etc. Pode semellar de pouca importancia, si, pero a Rede é así, tes a túa porta aberta a calquera que chegue, mesmo por casualidade, polo tanto non podes estar cun pixama vello e un *chorretón* de cacao na bata, non podes, porque calquera pode pasar de visita ou espiarte pola fiestra. Ou sexa, engalánanse para o ciberespazo que nunca se sabe...

HOSPITAL VIP HTTP://WWW.RUBERINTERNACIONAL.ES

Neste distinguido hospital xúntanse principiños e princesiñas acabadas de chegar a este mundo e xente famosa que vai operar almorrás e xoanetes (parece ser que algúns deles tamén sofre estas doenzas tan *campechanas*). O día que cheguei a esta páxina púxenme de gala: zapatos brillantes e chaqueta de veludo negro; era preciso xa que estamos a falar dun hospital dos máis elegantes, incluso teñen un paxarraco na entrada, unha aguia ou algo así que nos lembra tempos mellores... A verdade, entre nos, esta páxina non ten nada de *glamour*, nadiña, diríavos até que é fea, moi fea, moi, moi fea.

PETER PAN EN HORAS BAIXAS HTTP://WWW.PIXYLAND.ORG/PETERPAN

Moito coidado, antes de visitar esta páxina avisade a amigos e familiares que teñan preparados panos húmidos, aspirinas, loción anticaspa, panos de papel e... despois apertade ben as fazulas. No meu caso levo tres días coa boca aberta sen poder pechala nin para durmir. Non cabe dúbida, é a páxina máis espantosa que tiven a desgraza de linquear. Temos un homiño enfundado nunha malla verde enredado entre floreciñas e estreliñas, porén cando estas a piques de entrar en shock irreversible decátaste de que sempre pode haber algo peor: e é que este Peter Pan tamén canta, dá calafríos!

OFRÉCESE CONSULTOR FINANCEIRO HTTP://WWW.FREEWEBS.COM/MJTIFA/

En Internet houbo un tempo en que se levaba ocupar un espazo gratuíto e poñer alí a túa tarxeta de presentación en grande, esperando a que máis cedo ou máis tarde servise para algo. Algo así como pegar o teu currículo nun poste de teléfonos, só que os postes non son coma Internet, que lle imos facer! E hai páxinas que poden ficar anos e anos na escuridade, esquecidas como esas tendas nas que nunca hai clientes e un se pregunta sempre cal é o segredo da súa supervivencia. Este sitio web que comentamos tivo 1.778 visitas, e é dun asesor financeiro independente que ofrece os seus servizos a quen queira solicitalos e poida pagalos. O deseño é malo, pero polo menos vai ó gran. O problema é que non se especifica que tipo de visitas recibiu. Acaso 1.778 persoas pasando por alí, mirando cara adentro e apurando logo o paso; porque en Internet tamén hai tendas que naceron con mala estrela?

Isto abre novas portas para unha futura reportaxe: os anuncios que ninguén leu.

O negocio está no aire

David Lombardía
david@elvilmetal.com

WiFi, UMTS, Radio, LMDS, TDT, Bluetooth... As radiofrecuencias e o seu indubidable atractivo empresarial, enchen o espectro radioeléctrico de ondas e xeran unha crecente competencia no sector.

Margen de	Designación	Longitud de
3 kHz a 30 kHz	VLF Very Low Frequency (frecuencias muy	100 Km a 10
30 kHz a 300 kHz	LF Low Frequency (frecuencias bajas)	10 Km a 1 Km
300 kHz a 3.000 kHz	MF Medium Frequency (frecuencias medias)	1 Km a 100 m
3 MHz a 30 MHz	HF High Frequency (frecuencias altas)	100 m a 10 m
30 MHz a 300 MHz	VHF Very High Frequency (frecuencias muy altas)	10 m a 1 m
300 MHz a 3.000 MHz	UHF Ultra High Frequency (frecuencias ultra altas)	1m a 10cm
3 GHz a 30 GHz	SHF Super High Frequency (frecuencias super	10 cm a 1 cm
30 GHz a 300 GHz	EMF Extremely High Frequency (frecuencias	1cm a 1mm

Nunha época na que a comunicación, sexa uni ou bidireccional, é un dos principais costumes dos individuos, no que a mobilidade e a ubicuidade supoñen activos críticos en moitos procesos de negocio e para outros tantos asuntos persoais, o espectro radioeléctrico e, en xeral, o vencellado coa comunicación a distancia sen fíos, transfórmase nunha fonte de incuestionable encanto económico.

Así, nos últimos anos, temos visto xurdir e rexurdir (pois en ocasións algunhas destas "novas" tecnoloxías retoman conceptos previos aplicándoos a novas necesidades) múltiples tipos de tecnoloxías, protocolos e estándares de comunicación con diversas aplicacións. Porén, case todos eles enfróntanse a un atranco que non sempre resulta doado de esquivar e que incorre na rendibilidade: o espazo radioeléctrico non é un recurso ilimitado. No caso da telefonía móbil, por exemplo, a limitación do espectro dispoñible, troca ó sector nun mercado de carácter oligopolístico no que, polo tanto, existe un tamaño mínimo eficiente, é dicir, a partir do cal se obtén a rendibilidade.

Segundo un estudo que publicou no seu día Goldman Sachs, o dito tamaño estaría arredor do 25% de cota de mercado. O da telefonía móbil é un sector claramente diferenciado do da tradicional telefonía fixa, diferenzas que se reflicten na súa estrutura de custes: mentres que na telefonía fixa predominan os custes derivados da rede, na telefonía móbil, os custes comerciais impóñense sobre os primeiros. É dicir, os operadores móbiles fan fronte a uns gastos moi elevados de distribución comercial e expansión do seu mercado, namentres que os custes resultantes da rede (extensión da mesma, mantemento...) son moito menores. Aínda podemos preguntarnos onde está a relación causal (gástase pouco na rede porque a competitividade chega a prioriza-la captación ou, pola contra, invístese moito en custes comerciais porque os custes de rede son máis baixos); o certo é que os custes de implantación da rede son máis reducidos. Mais non só para a telefonía móbil, tamén, nalgúns casos, para outras tecnoloxías deste tipo.

E, malia as singularidades de cada unha, en moitos casos, son quen de actuar como substitutivos vindeiros, o que inflúe na capacidade de éxito comercial de cada unha. No entanto, UMTS permite o roaming entre as súas celdas, outorgando ó usuario de mobilidade "total", WiFi ten problemas nese aspecto, sendo máis un sistema de mobilidade "estática". Ora ben, mentres que as redes UMTS non conseguen irromper con forza por mor do seu maior custo e a falla, segundo os expertos, dunha killer application que os diferencie e os converta en imprescindibles para un sector da poboación (como no seu día foron os SMS, ou como o están a ser push e-mail cos Blackberry); Wi-Fi, cos seus reducidísimos custes, ten un gran éxito. En palabras de Varsavsky (na entrevista publicada o pasado mes nestas páxinas, e que é só unha parte da que pode lerse íntegra en www.elvilmetal.com): "Wi-Fi ten acabado co UMTS". Quizais semelle un pouco esaxerado, mais o certo, ó menos, é que o auxe de tecnoloxías con algún grao de sustituibilidade, ten dado ós individuos máis capacidade de escoller e obrigado a cada operador a busca-lo seu oco competitivo: o satélite ofrece cobertura practicamente mundial (é o sistema que emprega o número de emerxencias europeo, 112, para garanti-la recepción de chamadas, mesmo desde zonas sen cobertura GSM); LMDS ofrece ancho de banda elevado e alcance relativamente alto, e así sucesivamente. Claro, que todo isto ten contribuído a ocupar, aínda máis, o espectro radioeléctrico nas súas diferentes bandas, provocando unha crecente preocupación por parte dos poderes públicos arredor da súa asignación e as taxas de ocupación do mesmo. De aí que a UE conte cunha "política do espectro radioeléctrico", que abrangue desde a telefonía móbil até a radiofusión televisiva, pasando polos sistemas de posicionamento por satélite. Desde o Ministerio de Industria téntase tamén ordenar dito espazo, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Enlaces:
http://www2.setsi.mityc.es/Secciones/espectro/
http://europa.eu.int/information_society/policy/radio_spectrum/index_en.htm
http://www.ahciet.net/

Máis información en
www.elvilmetal.com

Telexerontoloxía:

un proxecto galego a seis bandas para mellorar a calidade de vida das persoas con limitacións físicas

REDACCIÓN

As novas tecnoloxías do coñecemento non só nos manteñen máis informados senón que, ben administradas, poden ser abondo beneficiosas para a nosa saúde. Sobre todo, se a innovación traballa no camiño de mellora-la asistencia a aquelas persoas que, por calquera motivo, teñen limitada a súa mobilidade ou a capacidade cognitiva. Iso é, precisamente, a telexerontoloxía: engadir as vantaxes das novas tecnoloxías ós avances da asistencia médica a distancia. Un exemplo disto é o proxecto do mesmo nome, presentado este martes 19 no Centro Xerontolóxico de A Milagrosa (A Coruña, unha iniciativa galega pioneira en Europa que permite efectuar valoracións cognitivas *on line* (consultas a distancia) e personaliza-las actuacións terapéuticas. Segundo este proxecto, non é preciso que se despreguen no fogar do doente incómodas infraestruturas, xa que os servizos tecnolóxicos tenden a ser cada vez máis invisibles. Para utiliza-lo sistema, desenvolvido polo Grupo de Xerontoloxía da Universidade da Coruña, unicamente fai falla: liña telefónica convencional, un televisor e unha pasarela residencial (a peza que permite a interconexión de tódolos dispositivos e a comunicación co exterior). Para o funcionamento do sistema requírese un mando de control que cumpre tódolos criterios de accesibilidade para persoas con limitacións físicas ou cognitivas e unha pulseira de alarma, que é un dispositivo móbil. Este dispositivo permítelle ó doente facer peticións de auxilio, estando fóra ou dentro do fogar, e posibilita a súa localización inmediata.

Estas son as funcionalidades deste servizo:

• **Aplicación para a xestión de historiais clínicos**. Segundo Televés, esta é a parte que corresponde á central. É a que permite a xestión áxil e cómoda dos datos, dinamizando o acceso ó historial dos doentes e a relación entre usuarios e asistentes.

• **Aplicación de teleestimulación cognitiva**. Esta é unha das chaves, un dos beneficios máis claros do proxecto para as persoas con problemas de mobilidade e memoria; xa que os posibilita para participar nun servizo que non deixa de ter feitura de xogo e, a través del, fornece-las áreas de deterioro.

• **Videoconferenzas de atención médica e rehabilitación**. O principal problema dun servizo de asistencia a distancia é, segundo Televés, a soidade do doente. Sen o factor visual, a persoa enferma non se sente atendida ó cen por cen. O proxecto presentado, pola contra, ofrece son e audio.

• **Dispositivo navegador accesible**. É unha ferramenta específica para desenvolver tódalas funcións comentadas máis arriba. Con este navegador, calquera persoa pode participar na iniciativa, malia os seus problemas de mobilidade.

• **Pulseira telealarma e localizador do usuario**. Son dispositivos que, empregando a capacidade de posicionamento dos móbiles, localizan a situación exacta do doente.



O proxecto é tanto máis innovador en Galiza e España por ser unha iniciativa conxunta entre: universidades (a da Coruña e a de Vigo, esta última co Grupo de Enxeñería Telemática); institucións (Dirección Xeral de I+D); fundacións (Obra Social de Caixa Galicia); centros de investigacións (CESGA); colectivos (Asociación de Pensionistas e Xubilados da Coruña) e empresas (a galega de telecomunicacións Televés). Tódalas persoas que participaron na presentación do proxecto coincidiron en salientar que, posiblemente, poucas veces se teñan xuntado tantas frontes distintas co fin de levar a cabo unha iniciativa que beneficia ostensiblemente á sociedade. Dito doutro xeito: non é habitual ver a unha empresa colaborando ombro con ombro con institucións públicas, universidades e asociacións. Porén, non por ser pouco frecuente (coincidiron os responsables) debe pecharse definitivamente este camiño de cooperación, senón todo o contrario. Ese é o vieiro a seguir. Para que se entenda, incluímos esta gráfica na que se especifican as diferentes achegas dos implicados.



Telexerontoloxía é unha iniciativa que, neste intre, ten máis camiño andado do que queda por percorrer. De aí que xa se fixera pública, perante os medios e (o que é máis importante) diante dos futuros beneficiarios (os usuarios da Milagrosa da Coruña). Até o de agora, o que se ten desenvolvido e xa se pode poñer en práctica son: as aplicacións de xestión, o dispositivo navegador, o sistema de telealarma-localizador, a aplicación de teleestimulación cognitiva e a pasarela do fogar. Esta última é, por dicilo así, a peza chave do sistema, a que une tódolos demais engrenaxes. Permitirá que os usuarios integren o uso das novas tecnoloxías entre as paredes da súa casa e coñezan de primeira man a súa utilidade. Ademais, posibilita comunicación audiovisual entre centro e usuario, facendo uso de algo tan espallado nos fogares galegos como é o televisor. Asemade, ten un valor engadido: é unha ferramenta deseñada e fabricada en Galiza. Polo que respecta ó camiño que queda por percorrer neste proxecto, dicir que, como toda boa tecnoloxía, dáse espazo a si mesma para medrar. Integra-los dispositivos biomédicos e os domóticos, mellorar funcionalidades ou acadar máis recursos económicos para seguir co desenvolvemento son algunhas destas materias pendentes.

Televés: "Partimos da esencia do simple"

Jacobo Penide, xefe de Produto de Televés, participou de xeito amplo na presentación deste proxecto de Telexerontoloxía, valorando especialmente dous puntos: que sexa unha iniciativa que une diferentes mundos (o público, o privado, o das asociacións) e que vaia en beneficio da sociedade, neste caso a galega, unha das máis avellentados de toda Europa. En Código tratamos de suplir a nosa ausencia no acto de presentación cun diálogo vía telefónica con Penide, quen tratou de axudarnos con certos buracos de información motivados, precisamente, pola nosa non concorrencia na presentación.

-Por que Televés?

-Porque dende o principio pareceunos interesante para o desenvolvemento da tecnoloxía e para o da propia Galiza e a súa sociedade.

-Unha das máis envellecidas de Europa...

-Claro, e por iso ten máis sentido aquí este proxecto ca noutros lugares.

-Chámanos a atención a variedade de axentes que participan.

-Ese é un dos grandes valores do proxecto, sen dúbida, poñéndose todos ó servizo do benestar das persoas maiores. Establecendo comunicación directa co propio centro médico, onde son os usuarios os que nos contan as súas necesidades. Recolléndoas. Neste proxecto estamos todos os que temos algo que dicir. Isto, claro está, esixe moita coordinación. Pero está funcionando, e iso parécenos importantísimo.

-Está funcionando xa?

-Neste momento, estamos a nivel de prototipo definitivo. Durante a presentación no centro da Milagrosa, levamos a cabo experiencias piloto. O proxecto remata de xeito oficial en setembro do ano que vén. O seguinte, a partir de agora, é inicia-la fase de probas piloto nos enderezos dos usuarios. Quédanos tamén dotar á plataforma de maiores posibilidades de servizo. Desenvolver asemade as opcións de domótica. É dicir, sacarlle maior rendemento ó uso da pasarela e do televisor, co fin de controlar de certo outros dispositivos do fogar.

-Tendo en conta que se trata de un proxecto tecnolóxico, como facer que estas novas ferramentas non provoquen rexeitamento nas persoas que participan?

-Ese era o reto fundamental. Facer o sistema doado. A usabilidade e a ergonomía era o primordial da cuestión. Debía se-lo máis sinxelo posible de utilizar, para que calquera persoa acceda a el sen esforzo algún e sen rexeitamento. Partimos da esencia do simple.

Nintendo DS arrasa en Xapón

Nintendo anunciou a finais de decembro que a súa consola Nintendo DS bateu o *record* de máis consolas vendidas no primeiro ano, con 5,44 millóns de unidades, superando a Game Boy Advance e PlayStation 2. Ademais, nas últimas semanas a consola cada vez incrementa máis as súas ventas grazas a lanzamentos longamente agardados polos xogadores como *Mario Kart DS* ou *Animal Crossing: Wild World*.

Revolution será mais barata que a súa competencia

Satoru Iwata, presidente de Nintendo, anunciou en decembro nunha conferencia sobre os resultados da compañía que Revolution, a consola da vindeira xeración que Nintendo está a preparar dende hai un tempo, será máis barata que a súa competencia, Xbox 360 e PlayStation 3. Segundo o directivo, moverase "*noutro rango de prezos*". Informes recentes publicados por varios medios americanos insinúan que a consola custará, como moito, 200 euros no seu lanzamento, previsto para finais de 2006.

Xbox 360 esgótase en Occidente pero comeza frouxo en Xapón

Xbox 360 saíu a finais de novembro nos Estados Unidos e a comezos de decembro en Europa e Xapón, e os primeiros resultados de ventas xa se coñecen. Nos Estados Unidos esgotouse nuns días e hai un grande problema de abastecemento de consolas ás tendas, mentres que en Europa as vendas tamén foron fortes, aínda que nalgúns mercados, como o español, non se chegou a esgotar a consola. En Xapón a consola comezou timidamente, vendendo tan só un terzo da súa distribución inicial nos primeiros días, aínda que Microsoft mantén as súas altas expectativas para o mercado oriental.

Square Enix prepara novos Valkyrie Profile para PSP e PS2

Square Enix anunciou a mediados de decembro que prepara novas edicións dun dos seus xogos de rol máis aclamados de finais dos 90, *Valkyrie Profile*, lanzado para a consola PlayStation en 1999. Trátase dun *remake* do xogo orixinal, para PSP, chamado *Valkyrie Profile: Lenneth*, e dunha nova edición do xogo, chamado *Valkyrie Profile: Silmeria* para a consola PlayStation 2. Ámbolos dous, que ó parecer poderán conectarse por USB, sairán a mediados de 2006 en Xapón, aínda sen lanzamento confirmado en Europa.

Unreal Tournament 2007 será título de lanzamento de PS3

Epic Games confirmou á revista oficial PlayStation dos Estados Unidos en decembro que *Unreal Tournament 2007*, o seu novo xogo de acción en primeira persoa que ata o de agora preparaba soamente para PC, sairá tamén en PlayStation 3, e de feito será título de lanzamento da nova consola de Sony. Epic Games confirmara o seu apoio á nova consola de Sony xa na súa propia presentación, onde un dos responsábeis da compañía saíu para demostrar o potencial gráfico de PlayStation 3. A súa data de lanzamento en Europa agárdase para finais de 2006.

Xbox 360:

comeza a nova xeración de consolas

PABLO GRANDÍO
DIRECCION@VANDAL.NET

Microsoft entrou hai catro anos, en 2001, no mercado do videoxogo, desafiando ós escépticos que prognosticaban un fracaso da consola Xbox, e conquistando a non poucos dos xogadores que desconfiaban dunha consola Microsoft. Os resultados superaron as expectativas mais positivas, e Microsoft colocouse no segundo lugar da presente xeración de videoxogos, tornándose nunha alternativa a PlayStation 2, cun gran catálogo de xogos e, sobre todo, encabezando e dando exemplo no xogo *on line* para consola co seu salientable servizo Xbox Live.

Agora, despois de chegar tarde a esta xeración, cousa que os executivos de Microsoft lamentaron en público varias veces, Xbox 360 prepárase para se-la primeira consola desta xeración de videoxogos. Diante, ten un mercado que xa está preparado para recibir un novo chimpo tecnolóxico, e un ano para fornece-la súa cota de mercado, o que terá de avantaxe respecto ó lanzamento da consola PlayStation 3 de Sony, e a Revolution de Nintendo.

Xbox 360 está nas tendas españolas dende o 2 de decembro, seguindo unha estratexia moi ambiciosa de lanzamento mundial levada a cabo por Microsoft nos últimos meses, e a un prezo de 299 euros na versión "básica" e de 399 na versión completa, que inclúe, entre outras cousas, un disco duro extraíble. Este dispositivo usarase para moitos xogos, e máis para descargar música, vídeos, *demos* e actualizacións dende o servizo Xbox Live. Tódolos xogadores terán acceso de balde á versión *Silver* deste servizo, que inclúe o mercado de Xbox Live e algunhas das súas características, agás o xogo *on line* propiamente dito.

A consola ten un núcleo de tres procesadores con tecnoloxía Pentium, e un chip gráfico deseñado con ATI. Microsoft quere que Xbox 360 comece a "*idade da alta definición*", sendo a saída de vídeo estándar da consola en alta resolución, aínda que non será necesario unha televisión HD para xogar, aínda que si para notar toda a capacidade gráfica da consola. Xbox 360 está tamén preparada para a rede sen fíos (mercando un adaptador opcional) e conta tamén con mandos sen fíos con baterías que se poden recargar por conexión USB.

Os primeiros xogos da máquina son vellos coñecidos, sendo os "xogos estelares" os tres que produciu Microsoft: *Project Gotham Racing 3*, a nova edición do seu xogo de carreiras en escenarios reais, *Kameo: Elements of Power*, un xogo de acción e aventuras nun mundo de fantasía, e *Perfect Dark Zero*, un xogo de acción en primeira persoa. Ámbolos dous últimos son de Rare, compañía que Microsoft mercara en 2002 para traballar na súa vindeira xeración de xogos. Aparte dos produtos de Microsoft, hai tamén grandes títulos como *Call of Duty 2, Need for Speed Most Wanted, FIFA 06, Condemned* ou *Amped 2*, nutrindo á consola dun bo catálogo de lanzamento.

Con Xbox 360 comeza a nova xeración de xogos, e a máquina de Microsoft terá nuns meses compañía en forma de PlayStation 3 e Nintendo Revolution. Mentres tanto, o reto ó que se enfrontan os xogos de Xbox 360 nos vindeiros meses é demostrar que a nova xeración non só se trata de espectacularidade gráfica senón tamén de novas e revolucionarias ideas.

Rede CompostelaWireless:

unha ponte sobre a fenda tecnolóxica

COLECTIVO DE INTEGRANTES DE CW

A asociación CompostelaWireless leva funcionando dende 2001, na procura dunha rede telemática para ofertar servizos de comunicacións, empresariais, de formación, novas e lecer; na que se vexan representados tanto a empresa local como o conxunto das persoas. A finalidade de CW é espalla-las novas tecnoloxías poñéndoas ó servizo da sociedade. Entendemos que unha aplicación axeitada destas ferramentas, atendendo ó servizo á comunidade, é un factor fundamental para a potenciación do desenvolvemento social, cultural e económico dunha rexión.

O noso primeiro obxectivo consiste en poñer estas novas tecnoloxías ó alcance de todo o mundo, o que supón rematar coas barreiras económicas e de formación que na actualidade dan lugar á fenda tecnolóxica. Creamos equipos de traballo para respostar a necesidades ou oportunidades concretas: colaboracións con outras asociacións ou organismos, obradoiros e probas técnicas, estudos de interese xeral e recompilación e publicación de datos. Trátase, na práctica, de sumar esforzos para achegar á cidadanía a tecnoloxía de redes de xeito útil e accesíbel a tódolos niveis.

Importancia socioeconómica das infraestruturas de redes informáticas

As redes informáticas de telecomunicacións son o principal medio de transporte de información e a plataforma de acceso a unha oferta de servizos que adquire meirande complexidade. O concepto de "Sociedade da Información" resulta cada vez máis común, e o papel das redes dentro dela xoga o mesmo papel có da rede de estradas das cidades. Coexisten as estradas (para uso xeral) coas autoestradas (de uso contractual). As redes informáticas achegan un novo xeito de acceder a moitos dos servizos da sociedade, ó tempo que permite a creación de outros con novos perfís.



Novos xeitos de entender a xestión das estradas da información

As novas tecnoloxías de redes abranguen unhas características que constitúen a raíz do seu valor social: resultan flexibles, económicas, eficientes, e doadas de manexar. Isto fai delas o substrato para a evolución que estamos a vivir no eido das comunicacións: xa non é preciso ser rico nin ter grandes coñecementos para crear estas estruturas de comunicación e participar delas. Un exemplo deste modelo xa o temos nas novas formas en que as persoas empregan os servizos telemáticos, pasando da mera recepción de datos e servizos a xestionar blogs, P2P, wiki, listaxes de correo, etc... A liberdade e flexibilidade ofertada por estas redes permiten crear un eido onde o autoemprego, a innovación empresarial, o acceso á información, a autoxestión e a cooperación social e empresarial permiten dar un pulo á economía e ó espallamento da cultura, abrindo novas oportunidades para empresas e persoas.

A fenda tecnolóxica

Cinguido ó concepto de "Sociedade da Información" aparece outro que é a "fenda tecnolóxica". Ou sexa, que namentres algunhas persoas dentro da sociedade poden acceder ás novas posibilidades das redes do coñecemento, outras moitas fican privadas das mesmas.

Raizames que alimentan a fenda tecnolóxica

As causas que propician a existencia desta fenda son, sobre todo, de tres tipos:

- Diferenzas nos intereses económicos: o actual modelo de xestión das redes de comunicacións, en mans de empresas e enfocadas só á súa explotación, fan que prime o interese especulativo por riba do social. Isto implica a promoción (só) dos servizos que benefician á empresa xestora, deixando a boa parte da cidadanía (a que menos beneficios reportaría ás empresas), sen acceso ós mesmos.
- Ausencia de acceso a formación de calidade: A alfabetización informática tende a orientarse ó uso de aplicacións, no canto de orientarse como debera ó uso de servizos, o que dificulta que as persoas sexan quen de sacar partido das novas tecnoloxías.
- Incompleta dispoñibilidade xeográfica: Como consecuencia da actual xestión especulativa das redes informáticas, estas chegan só até onde resultan rendibles para as empresas xestoras. Moitos grupos de poboación rural ou periférica fican á marxe.

Quen queda na beira mala da fenda?

A vítima ideal da fenda tecnolóxica tería un perfil caracterizado por unha economía medio-baixa, con escasa ou nula formación informática, sen experiencia neste senso, vivindo na periferia metropolitana ou nun núcleo de poboación rural. Se aplicamos este perfil á realidade demográfica da Galiza, podemos apreciar que gran parte da poboación reúne tódolos factores. No económico-empresarial a situación é moi similar: aquelas empresas, pequeno comercio, persoas en réxime autónomo... que dispoñan dunha economía discreta e que non poidan acceder ó asesoramento tecnolóxico ou contratar persoal con formación en novas tecnoloxías ou se atopen en localizacións xeográficas sen servizo, están condenadas a desenvolverse no mercado dende a desvantaxe da beira prexudicada da fenda. O resultado é: a fenda prexudica o crecemento económico e o fornecemento das economías locais máis febles, incrementa o paro e dificulta a innovación empresarial.

A Rede CompostelaWireless e a fenda tecnolóxica

Tódalas accións de CW están encamiñadas a dous obxectivos: facer que a tecnoloxía informática resulte útil, e que o sexa para todos e todas. Isto lévanos a accións dirixidas a combater a fenda tecnolóxica. A nosa achega fundamental para evita-los efectos da fenda dentro da bisbarra de Santiago consiste na creación dunha infraestrutura de comunicacións e servizos que permita salvar a distancia entre un e outro estremo da fenda. Unha ponte que elimine a discriminación tecnolóxica. Trátase de poñer a disposición do comercio e industrias locais, así como da cidadanía, unha rede autosostible, mantida a través de pequenas axudas das empresas e outras persoas usuarias de servizos especiais, co fin de acadar esta infraestrutura que vai constituír a rede viaria dunha nova Sociedade da Información para todos e todas. A apertura desta Rede CW ó público garante un mercado amplo e estábel, que non se ve prexudicado pola competencia das empresas alleas ó comercio local. Á súa vez, a cidadanía obtén acceso a unha rede na que pode participar ó mesmo tempo como colectivo usuario e persoal de xestión.

Empréstase especial atención á información, formación e orientación, de xeito que se facilita a entrada das persoas usuarias na rede, onde poderán "autoformarse", dende o nivel máis básico ata o máis técnico. Enfocando os servizos a necesidades reais, escollendo a calidade e a simplicidade, en troques de afogar ás persoas nun océano de posibilidades que lles resultan alleas.

A cobertura inicial da rede abrangue toda a área de Compostela, ofertando solucións de balde, e tamén profesionais a moi baixo custe. Sen instalacións de liñas fixas, facéndoa viábel nas zonas periféricas. Non se trata dun xoguete, senón dun desenvolvemento socioeconómico de, e para a comunidade. Salva-la fenda poñendo a tecnoloxía ó servizo do público.

Outros beneficios da rede

Aparte dos beneficios da libre divulgación de coñecementos, promóvese tamén a cooperación entre a cidadanía, e habilítanse posibilidades de autoemprego, e novos modelos de negocio, amais dos tradicionais métodos de oferta de servizos ou publicidade. Fóra do empresarial, mantéñense na Rede ferramentas de busca de información achegadas á sociedade, xa sexa comercial ou cultural, servizos de mensaxeiría, comunicación, novas, e lecer. Vense beneficiadas así as comunicacións entre a veciñanza, amais das iniciativas socioculturais. As institucións e asociacións da cidade disporán dun novo medio de comunicarse coa cidadanía para divulgar as súas actividades, realizar traballo de xeito cooperativo, ou ofertar os seus propios servizos da Sociedade da Información.

As outras iniciativas de CompostelaWireless

A creación dunha estrutura de comunicación baseada no servizo ao público no canto de enfocada á súa explotación económica cobre unha das tres partes da fenda, pero ningunha solución é completa se non se albiscan tódalas partes do problema. Así, CW ten en marcha programas complementarios.

- Cursos e charlas

  De continuo, xorden oportunidades para a asociación de tomar parte en debates ou obradoiros, nos que amosamos os beneficios da Rede CW. Estas iniciativas serven tamén para atraer a persoas que pasan de interesarse polo proxecto para pasar á colaboración activa. Toda colaboración neste senso é benvida. Persoas do mundo informático, persoal técnico, documentalistas, grafistas, analistas, contactos... Todos e todas colaboramos en maior ou menor medida.
- Reciclaxe de equipamento informático

Dende CW faise posíbel a reutilización de equipos informáticos obsoletos para os novos sistemas de software, recollendo o material de distintos doantes -empresas, institucións ou particulares-, preparándoos para poderen ser empregados como funcionais terminais da Rede CW a disposición dos usuarios. Cumpre deste xeito non só unha función de achegar medios de acceso á rede onde se precise, senón que fai unha colaboración coa conservación do medio ambiente.

Queremos dende esta revista, Código Cero, animarvos a apoia-lo proxecto de forma activa, para que a unión dos nosos esforzos dean como froito máis oportunidades. CW non é un proxecto alleo, pois se trata de ofertarnos a nós mesmos e gozar de novas posibilidades de negocio e comunicación.

Máis información en www.compostelawireless.net

Contacto: admins@compostelawireless.net

Índice de contidos 2005

Nestas páxinas pódense consultar de xeito rápido os contidos sintetizados dos números que publicamos ao longo do 2005

Número 29
Xaneiro- Febreiro 2005

• *Cidades dixitais*: Unha revisión ó concepto de cidade e cidadanía	**Ignacio Martín Granados** (Coordinador do II Congreso Online do Observatorio para a Cibersociedade)	4
• O 52% das vivendas galegas cumpren a normativa de ICTS	**Redacción**	10
• *Código TV* faise un oco nos receptores de televisión dos compostelans	**Redacción**	11
• As Consellerías de Innovación e Familia presentan *Cativadas.com*	**Redacción**	12
• Misses virtuais: o fraude tamén chega ós concursos webs	**Raquel Noya**	14
• *Infopartix*, o lugar onde tódolos mozos teñen algo que achegar	**Redacción**	15
• *Xuventude Galicia Net*, comeza a conta atrás	**Redacción**	16
• Galiza sobre rodas: banda ancha para todos dentro de dous anos	**Redacción**	17
• *UMTS*, todo o que vostede sempre quixo saber e nunca se atreveu a preguntar	**F.S.**	18
• As mensaxes de texto (SMS) poden cambia-lo mundo	**F.S.**	20
• Hedy Lamarr: A actriz e o teléfono móbil	**Mario S. García**	21
• Increméntanse os relixiosos que establecen comunicación cos fieis por Internet	**Redacción**	22
• Repaso polos despropósitos de Internet (I)	**Fernando Sarasquete**	22 23
• *Open Access* revoluciona a publicación de artigos científicos	**BUGALICIA** - Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galiza	24
• Como facer un reprodutor de mp3 un mesmo	**Redacción**	25
• Os *bloggers*... un diario?	**Isidro Cea**	26
• *Banca on-line*: así é o presente	**David Lombardía**	27
• Novos formatos de gravacións	**Carlos Lozano**	28
• Análise polo miúdo do noso PC con Everest Home Edition	**Emiliano Gómez**	29
•*UEFA Champions League 2004-2005*	**Pablo Grandío**	30

Número 30
Febreiro - Marzo 2005

• O dereito á información	**Pilar Rojo** (Cons. de Familia)	4
• Galiza sitúase no sexto posto do *ranking* de comunidades innovadoras	**Redacción**	10
• Francisco Ros presenta en Galiza a campaña: *Todos na Internet*	**Redacción**	12
• Repaso polas luces e sombras dos cerebros pequenos da nosa era: os *microchips*	**Raquel Noya**	14
• *Especial Xuventude Galicia Net*: -Tres razóns para estar en *X.G.N.* - Cuestións básicas para non perderse en *X.G.N.* - Consolas, ferramentas informáticas nunca antes vistas e filmes en 3D. - *Maquinadotempo.net*	**Redacción** **Redacción** **Redacción** **Redacción**	15 16 17 18
• Rexurde o *Salón de Multimedia, Informática e Telecomunicacións, MITE*	**Redacción**	19
• Consellos para que os nosos fillos non se perdan nas redes dos que andan na Rede	**F.S.**	20
• Entrevista con Juan José Cebrián, responsable da web do Arcebispado de Santiago	**F.S.**	21
• Un asunto de narices	**Mario S. García**	22
• Móbiles a proba de trastes	**Raquel Noya**	22
• A que temperatura arde a información?	**Fernando S.**	23
• O *CESGA* acolleu a presentación de *TORGA.net*	**Redacción**	24
• Segunda entrega do repaso polos despropósitos de Internet	**Fernando Sarasquete**	25
• *ALGA*, a Comunidade Dixital de Arte libre.	**Isidro Cea**	26
• O negocio das imperfeccións: o valor os desaxustes	**David Lombardía**	27
• *Phising* e outras lerias. Afianzándonos no derradeiro posto	**Carlos Lozano**	28
• Organizar e reproducir mp3 no centro de música "*ITUNES*"	**Emiliano Gómez**	29
• A banda ancha: como a rede se vai convertendo no medio	**Beatriz Martinez**	30

Número 31
Marzo - Abril 2005

• *MITE 2005*, unha cabeza de ponte na Galiza tecnolóxica do futuro	**Xosé Maril S.** (presidente da *Fundación Semana Verde de Galicia*)	4
• Innovación deseña a estratexia da Sociedade do coñecemento para potenciar en Galiza o uso das *TIC* (banda ancha)	**Redacción**	9
• *Televisión Dixital Terrestre*: claves para entender de que falamos cando falamos de *TDT*	**Marcus Fernández**	10
• Telefónica Móbiles pon a proba *UMTS* en Santiago perante *Código Cero*	**F. Sarasquete**	12
• *Salvade os nenos*: case a metade dos cativos españois recoñeceron ter pasado medo na Rede	**Redacción**	12
• O escritor Lorenzo Silva advirte de que a literatura tamén se vai resentir do pirateo na Web	**Redacción**	14
• A Dirección Xeral de Voluntariado organiza en Santiago un foro sobre *Voluntariado e Interne*	**Redacción**	15
• *Xuventude Galicia Net*: que queda logo de tres días de *party*?	**Redacción**	18
• O monopolio do inglés en Internet vai camiño de acabar con máis da metade das linguas do mundo	**F.S.**	20
• Entrevista con Xavier Feixoo, responsable da web, unha aposta por poñe-la cultura popular galega onde mellor se pode conservar: na Rede.	**Fernando Sarasquete**	21
• *Galicia.org* xa superou as 4.000 entradas axudando a consolida-lo galego en Internet	**Antonio Gregorio Montes**	22
• Cousas que nunca che dixen: segredos na web ww.postsecret.com	**Raquel Noya**	22
• Evolución da Supercomputación na década 1995-2005	**Javier G.Tobío** (director do *Centro de Supercomputación de Galicia-CESGA*)	23
• Aproximación á Converxencia dende un enfoque sociolóxico	**Fernando Garrido** (Coordinador do Observatorio para a Cibersociedade)	24
• Terceira entrega do repaso polos despropósitos de Internet	**Fernando Sarasquete**	25
• Fagan xogo internautas. Oportunidades e ameazas do sector do xogo na Rede	**David Lombardía**	26
• *Photochopear*. Cuestións de competencia	**Carlos Lozano**	27
• Renomear cartafoles e ficheiros con *Lupas Rename V5.0RC9*	**Emiliano Gómez**	28
• *Gran Turismo 4*, volta o simulador	**Pablo Grandío**	29
• *Metal Gear Solid 3*: Esta vez na xungla	**Redacción**	29
• *Hearts of Iron 2. Ace Combat: Xefe de Escuadrón*	**Redacción**	30

Número 32
Abril - Maio 2005

• O coñecemento en torno ás sociedades *cyborgs*/.	**Heidi J. Figueroa Sarriera** (membro do Observatorio para a Cibersociedade)	4
• Foro *Cidades Dixitais*, un proxecto para levar Internet a tódolos cidadáns	**Redacción**	9
• A **Techbusiness Week** traerá a Galiza a algúns dos máis reputados especialistas en materia tecnolóxica	**Redacción**	10
• *Mundos Dixitais* quenta motores para converter á Coruña en sede da animación europea.	**Redacción**	12
• Entrevista con Xosé Maril Sánchez, presidente da *Fundación Semana Verde de Galicia*.	**Redacción**	14
• Especial *Portal da Emigración*. *Galicia Aberta*, proxecto web da Xunta que pretende unificar ós galegos espallados polo mundo.	**Redacción**	15
• A Xunta presenta un servidor cartográfico en Internet.	**Redacción**	19
• Martín Varsavsky, empresario e promotor de campañas solidarias.	**Redacción**	20
• Os foros da solidariedade *Volunet* dan a coñecer en Santiago xeitos de axudar na Rede.	**Redacción**	21
• *Pod Casting*: a nova revolución do audio en Internet.	**Marcus Fernández**	22
• Primeira entrega dunha nova sección sobre as páxinas máis curiosas de Internet.	**Raquel Noya**	24
• Reconto daquilo que non nos gusta da Rede.	**Fernando Sarasquete**	26
• As seis lecciónes de ensino que nos amosa *Google*.	**David Lombardía**	26
• Asuntos musicais.	**Carlos Lozano**	28
• Guía para o día da nai.	**Raquel Noya**	28
• O territorio das oportunidades.	**Manuel Gago**	28
• Como crear despregables sincronizados nun formulario Microsoft Access.	**E. Gómez**	29
• *Jade Empire*. *Star Wars Lego*.	**Pablo Grandío**	30

Número 33
Maio - Xuño 2005

• A educación do "*Hábeas Data*".	**Beatriz Martínez Cándano** (membro do Observatorio para a Cibersociedade)	4
• Falando co computador: Tecnoloxía amigable.	**Redacción**	8
• Salón *MITE*: a tecnoloxía en Galiza ábrese camiño.	**Abdón Dorca**	10
• Os nenos perdidos teñen en Internet un aliado.	**Redacción**	12
• Guía en Internet para seguir os festivais musicais do verán.	**Rubén Pedrero**	13
• Espía na Rede, que algo sempre queda.	**Fernando S.**	14
• Especial *TechBusiness Week*.	**Redacción**	15
• *Mundos Dixitais* converterá á Coruña en punta de lanza da animación europea.	**Redacción**	18
• Un percorrido breve polo Portal da Emigración da Xunta.	**Redacción**	19
• Entrevista com *Imaxin*, firma galega responsable da tradución do Office á nosa lingua.	**Fernando Sarasquete**	20
• *Galicia Encantada*: enciclopedia web da fantasía popular.	**Fernando S. e Antonio Reigosa**	21

• Protexe-lo acceso ó noso computador co *Firewall Zone Alarm*.	**Emiliano Gómez**	22
• Técnicos galegos desenvolven ferramentas para o CERN.	**Redacción**	23
• Viaxe connosco ó fondo do mar: submarinos *made* in Marín.	**Mario S. García**	24
• O día que finou Internet. Muller ou travestí.	**Raquel Noya**	25
• Repaso polo que menos nos gusta de Internet.	**Fernando Sarasquete**	26
• Redescubrindo Internet como soporte.	**David Lombardía**	27
• As consolas atacan de novo. O libro *XML*.	**Carlos Lozano**	28
• Crónica dende a E3, a feira de videoxogos de Los Angeles.	**Pablo Grandío**	29

Número 34
Xuño - Xullo 2005

• *IGC*, espazo real para o mundo virtual.	**Nicole Etchevers Goljberg** (membro do Observatorio da Cibersociedade)	4
• A empresa compostelá *Solucións Informáticas e Multimedia* aposta por baixar do pedestal o combinado "teclado+rato".	**Carlos Roma**	9
• *TechBusiness Week 2005*, resumo dun congreso de seis xornadas.	**Redacción**	10
• Os piratas adáptanse mal á vida empresarial tecnolóxica.	**Fernando Sarasquete**	11
• O acceso a Internet sen fíos imponse na Estrada.	**Modesto Pena**	12
• Atopan o que buscan os mozos en Internet?.	**Antonio Fernandes**	14
• Especial MITE: - MITE redefine un país. - Xornadas técnicas (I). - Xornadas técnicas (II). - Fogar dixital e domótica.	 **Redacción** **Redacción** **Redacción** **Redacción**	 15 16 17 18
• As redes de comunicacións para investigación e e-Ciencia.	**Víctor Castelo**	20
• Achega daquilo que menos nos agradou de Internet.	**Fernando Sarasquete**	21
• Repaso polo panorama actual de consolas de videoxogos.	**Marcus Fernández**	22
• Guía práctica de concertos estivais en Internet.	**Rubén G. Pedrero**	24
• Doce vinganza (solteiros desesperados contra ex mozas).	**Raquel Noya**	25
• Primeiras impresións en *Código Cero* sobor os *blogs* en Galiza.	**Fernando Sarasquete**	26
• Adeus ós vellos electrodomésticos da nosa mocidade. E+D.	**Carlos Lozano**	27
• Historias encontradas.	**David Lombardía**	28
• Limpando o computador co programa *JV16 Powertools 2005*.	**Emiliano Gómez**	29
• *Tekken5. God of war*.	**Pablo Grandío**	30

Número 35
Xullo - Agosto 2005

• PHISING: consellos prácticos para non trabar no anzol.	**Redacción**	8
• Especial *TechBusiness Week 2005*: - **Davara**: "A Lei de Protección de Datos podería frear a continuidade de múltiples negocios en España". - **Julio César Hernández** fala dos métodos para distinguir en Internet a uns humano dun robot. - O D.N.I. nas nosas carteiras a partir de marzo de 2006. - Advirten da desprotección das redes sen fíos. - Os fallos do software e o futuro de Internet, a debate. - UBUNTU: O soño de Shuttleworth. - **E.Ontiveros**: "Vivir na periferia non é escusa para o retraso tecnolóxico". - Morfeo: Oportunidade para países que teñen un pé na tecnoloxía e outro fóra. - **Luís Huete**: " Por que se perden as eleccións?". - Os catro Valdanos: xogando coa verba. - **Rudolph Giuliani**: "En certa maneira, é máis sinxelo xestionar unha situación de crise cá unha de sosego. Nas crises, todo o mundo deixa de lado as súas diferenzas".	 **Luís Jiménez** **Juan Carlos G. e Pedro Pablo P.** **Mark Minasi** **Mark Shuttleworth** **Juan José Hierro** **Redacción**	 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20
• Sinopse daquilo que menos nos entusiasma de Interne.	**Redacción**	25
• *Blogoverán*: as bitácoras que visitamos os días pasados.	**Fernando Sarasquete**	26
• A audiencia que che agarda, consellos para que che visiten o diario web.	**Fernando S.**	27
• Internet e as novas tecnoloxías crean adicción.	**Redacción**	28
• *Flickr* e o culto á fotografía anónima, en constante renovación.	**Redacción**	29

Número 36
Agosto - Setembro 2005

• Internet e a nova astronomía.	**Xosé Daniel Ponz** (Axencia Espacial Europea)	4
• Proxecto *Ineo*: A gran aposta galega no mundo *TIC*.	**Redacción**	9
• *Windows Vista*: primeiros murmurios arredor do novo sistema operativo de Microsoft.	**Redacción**	10
• Dez anos enredados: unha década con Internet tal e como o coñecemos.	**Marcus Fernández**	11
• *Yagly.com*, iniciativa galega para facer de Internet algo menos artificioso e accesible para todos.	**Carlos Roma**	14
• Novas facianas na Xunta de Galiza: quen é quen na Consellería de Innovación?.	**Redacción**	15
• Salustiano Mato, novo director xeral de I+D, aposta polo "retorno dos cerebros".	**Redacción**	16
• *GaliciaTic* xa se ve no horizonte, a nosa vindeira cita tecnolóxica galega.	**Redacción**	17
• *Vigo Metropolitano*, énfase por unha publicación senlleira.	**Redacción**	18
• Hai máis sitios onde caer ademais de *Google* (tests de buscadores).	**Redacción**	19
• As crónicas do MITE (diario de abordo da nosa viaxe por esta feira tecnolóxica).	**Redacción**	20
• Entrevista a Marcelo Branco, un dos principais valedores do software libre en América do Sur.	**Fernando Sarasquete**	22
• Conversa con Enrique Dans, mestre blogueiro que fai a tecnoloxía máis amena.	**F. S.**	23
• Internet Verde: que podes facer ti pola Terra en Internet?.	**Redacción**	25
• Entrevista a Pedro Jorge Romero, bitacoreiro que nos fala das vantaxes do fenómeno *blog*.	**Redacción**	27
• Reseña do menos apetecible de Internet.	**Redacción**	28
• Historias Encontradas (II): *Etnoka versus Universia*.	**David Lombardía**	29
• *Os Catro Fantásticos* e *Battlefield* (II).	**Pablo Grandío**	30

Número 37
Especial GaliciaTic 2005

• *Creative Commons*, Coñecemento Aberto.	**Fernando Garrido**	4
• Novos soportes do audiovisual.	**Marcus F.**	11
• A primeira web en lingua castelá que fala do mar faise en Galiza: Maremundi.org.	**F.S.**	12
• Entrevista a Manuel Xosé Fernández (director xeral de Comunicación Audiovisual).	**Redacción**	13
• *Proxecto EAVE*: Galiza saca a bailar ós que moven os fíos no sector do cinema.	**Redacción**	14
• *Especial GaliciaTic 2005*: - Introdución: resumo de intencións. - Programa. - Entrevista a Miguel Merino (director de *GaliciaTic*). - Conversas con F. Blanco (Conselleiro de Innovación).	 **Redacción** **Redacción** **Redacción** **Redacción**	 15 16 17 19
• A Consellería de Innovación dá a coñecer os plans dos vindeiros anos.	**Redacción**	20
• *Foro Ineo*: que é? a quen vai dirixido?.	**Redacción**	21
• Repaso dobre polas webs que nos aledaron o día.	**Fernando Sarasquete**	22
• O *CESGA* dá soporte a un traballo de estudo sobre a malaria.	**Redacción**	23
• *Biometría*: para acceder amose... .	**David Lombardía**	25
• Todo o que quixemos saber sobor estas tres siglas: *GPS*.	**Carlos Lozano**	26
• Un pouco de ciencia: análise sobre o "gran observatorio canario".	**Mario S. García**	27
• Unha ollada ás *blogs* que xiran arredor do erotismo.	**Carolina Cruz**	28
• *Web 2.0.*: Internet vénsenos enriba.	**F.S.**	29
• *FIFA 06* e *Nintendogs*, os xogos dos que se fala.	**Pablo Grandío**	30

Número 38
Outubro - Novembro 2005

• O Mundo visto dende o Espazo grazas ós servizos en Internet.	**Marcus Fernández**	8
• *Expoenter* ultima o programa definitivo da súa nova edición.	**Redacción**	10
• Resumo do que aconteceu no congreso *GaliciaTic 2005*.	**Redacción**	12
• *Ineo* traballa para activa-lo panorama empresarial galego.	**Redacción**	14
• Internet nas bibliotecas: un concurso para que a Rede non pase de longo en Galiza.	**Redacción**	15
• *Semana da Ciencia en Galicia*: reconto breve das actividades.	**Redacción**	16
• O proxecto *Cidades Dixitais* estrea novo portal, con máis servizos e máis accesibilidade.	**Redacción**	18
• Fernando Pardo, fálanos da nova televisión.	**Redacción**	19
• Reconto das webs máis curiosas que visitamos ó longo dun mes de viaxe.	**F.S.**	20
• Os *blogs* de viaxe: remedio para morriñentos que non saen de Galiza.	**Carolina Cruz**	22
• O *salón Vigomátic@* resumirá entre o 16 e o 18 de decembro dez anos de lecer tecnolóxico.	**Redacción**	23
• Ignacio Armesto ponnos ó tanto das *Xornadas sobre Automatización Industrial, que se* celebrarán en Vigo.	**Redacción**	24
• Damos conta daqueles currunchos de Internet a onde non che apetecería voltar.	**F. Sarasquete**	26
• Negocio ou filantropía?.	**David Lombardía**	29

Número 39
Novembro-Decembro 2005

• *Lei de Internet*: consellos para que non nos leve por diante.	**Antonio Domínguez** (economista socio e director de Q-Maketeam Galicia)	4
• Pablo López (xerente de *Hacce*), fálanos de accesibilidade web.	**Fernando Sarasquete**	10
• A Xunta fai entrega dos seus premios de investigación.	**Redacción**	11
• Crónica do *Congreso sobor Ciencia e Comunicación Social* celebrado na Coruña.	**Mario S. García**	12
• O *salón Vigomátic@* recolle a partir do 16 de decembro dez anos de lecer tecnolóxico.	**Redacción**	13
• *Nova Factory*: o encontro "indie" galego do audiovisual.	**Redacción**	15
• O *IFEVI* acolle entre o 26 e o 28 de xaneiro o salón *Mírate*, escaparate da imaxe.	**Redacción**	18
• O papel dos arquivos e os observatorios da comunicación a debate no Consello da Cultura Galega.	**Redacción**	19
• *Foro Ineo*: estratexias para o desenrolo empresarial de Galiza.	**Redacción**	20
• Novas dende as *JAI*: a comunicación entre universidades e empresas é posíbe.	**Redacción**	21
• Nova achega sobre o subsolo de Internet.	**Fernando S. e Carolina Cruz**	22
• Entrevistamos a Martín Varsavsky (fundador de *Ya.com* e *Jazztel*, entre outras). Obxectivo: un país WI-FI.	**David Lombardía**	24
• Os *blogs* alimentan a cinefilia... e viceversa.	**Carolina Cruz**	25
• As *redes WI-FI* ábrense camiño nos concellos galegos; un exemplo: A Estrada.	**Modesto Pena**	27
• A violencia nos videoxogos segue a crear polémicas (xustificadas?).	**Fernando S. e Marcus F.**	28
• A estraña relación cotiá entre os ximnasios e o desenvolvemento de reprodutores mp3.	**Carlos Lozano**	30

Atlantimag
Del 9 al 12 de Febrero/06
II Feria Internacional Galaico-Portuguesa
de Fotografía, Vídeo e Imagen Digital
II Congreso Internacional
de Fotografía y Vídeo
9 y 10 de Febrero/06
JUEVES, 9
09.30 h.
Entrega de documentación
Lugar: Pabellón 1
10.00 h.
Plató Fotográfico:
"Gestión de color aplicada
a la fotografía digital"
"Gestión de pedidos a Laboratorio"
Patrocinado por ROS FOTOCOLOR
12.00 h.
Pausa - Café
12.30 h.
Visita a expositores
14.00 h.
Comida
Lugar: Restaurante de Visitantes
16.00 h.
Visita a expositores
18.00 h.
Ponencia:
"Dall cuore alla fotografía"
Ponente:
D. Mauro Ranzato
Italia
VIERNES, 10
10.30 h.
Ponencia:
"El sentimiento de la luz andaluza"
Ponentes:
Yolanda y Antonio
Yoan Fotógrafos - Sevilla
12.00 h.
Pausa - Café
12.30 h.
Visita a expositores
14.00 h.
Comida
Lugar: Restaurante de Visitantes
16.00 h.
Ponencia:
"La fotografía vista por Jorge Santos"
Ponente:
D. Jorge Santos
Portugal
18.00 h.
Clausura del Congreso
y entrega de Diplomas
18.30 h.
Visita a expositores
22.00 h.
Cena de Gala - Homenaje:
Toda una vida en el mundo de la
fotografía dedicada a los fotógrafos:
D. José Mª Santoro
D. Ernesto Schreck (padre)
Lugar: Hotel
Organizadores:
FUNDACION SEMANA VERDE DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA
BERNABE S.L.
Colaboradores
cromalite
CONCELLO DE SANTIAGO
XACOBEO Galicia
EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
ufi Member
fe
FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA 36540 SILLEDA · Pontevedra · Tel 986 577000
atlantimag@feiragalicia.com · www.feiragalicia.com
FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA
fig
Silleda - Santiago

SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas
soluciones e-business
ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones
integración sistemas multimedia y audiovisuales
soluciones de almacenamiento
infraestructuras TIC



A Coruña Santiago de Compostela Vigo Madrid Lisboa